

PROGRAMACIÓN
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
I.E.S. de QUIROGA



Centros Adscritos:

- C.E.I.P. de Quiroga
- C.E.I.P. de San Clodio

2017-2018

Ana Belén Sáñez Rodríguez

ÍNDICE

1.-XUSTIFICACIÓN.....	3
2.- MARCO LEGAL.....	5
3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES/CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
4.- OBXECTIVOS XERAIS.....	13
5.- CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTOS DAS COMPETENCIAS CLAVE DA E.S.O.....	17
6.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:	
6.1.- Planificación xeral.....	23
6.2.- Estratexias prioritarias de intervención.....	24
7.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:.....	28
7.1.- Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e atención á diversidade.....	28
7.2.- Plan de acción titorial.....	32
7.3.- Plan de Orientación académico profesional.....	33
8.- IMPLEMENTACIÓN:.....	36
8.1.- Criterios de actuación.....	36
8.2.- Distribución de tarefas.....	39
8.3. Recursos empregados.....	39
8.4.- Temporalización.....	40
8.5.- Centros adscritos.....	41
9.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO POE.....	41
10.- PARTICIPACIÓN EN PLANS PROXECTA E OUTROS PROGRAMAS.....	43
11.- BIBLIOGRAFIA E WEBGRAFÍA.....	44
ANEXO I: Plan de Acción Titorial	
ANEXO II: Plan de orientación dos centros adscritos	
ANEXO III: Programación didáctica da aula de Pegagogía Terapéutica	

1.- XUSTIFICACIÓN:

O Plan de Orientación que a continuación presentamos, pretendemos que reflicta a nivel xenérico as liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación do I.E.S. de Quiroga para o actual curso académico, aínda que poidan continuar aplicándose nun período de tempo máis longo.

En primeiro lugar puntualizar que o Departamento de Orientación non é un departamento didáctico propiamente dito polo que a súa programación non é unha programación didáctica senón un programa ou plan de orientación e polo tanto a estrutura que debe ter dito Plan ven establecida no artigo 15 da Orde de 24 de xullo, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia, e é esa polo tanto a estrutura que presenta o Plan de Orientación do I.E.S. de Quiroga que presentamos a continuación.

No momento de deseñar o Plan intentamos contextualizalo, pretendendo deste xeito dar resposta ás necesidades de orientación que existen no contexto no que nos ubicamos, e priorizar aquelas que consideramos máis importantes.

Pretendemos que o Plan de Orientación sexa un documento que á vez que nos sirva de guía na nosa labor, dea a coñecer aos restantes membros da comunidade educativa, os ámbitos de actuación nos que imos traballar.

As actuacións que imos desenvolver no Departamento de Orientación non se limitarán a casos puntuais, senón que pretendemos establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade do noso alumnado. Debemos destacar tamén que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente ao alumnado senón que abarcará aos diferentes membros da comunidade educativa (profesores/as, familia...), tanto na faceta de receptores coma de impulsores do proceso orientador.

Entendemos a orientación como unha labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o Departamento de Orientación un elemento dinamizador deste proceso.

Segundo ÁLVAREZ, M. e BISQUERRA, R. **ORIENTAR** é educar para a

vida, asesorar sobre opcións e alternativas, desenvolver habilidades, proporcionar atención á diversidade...

Os principios nos que basearemos as nosas actuacións sintetizámolos do seguinte xeito:

a) Principio de planificación.

Fai referencia á orientación como unha actividade planificada, sistemática e continuada ao longo da escolaridade. Inclúe a toda a poboación escolar e a tódolos aspectos da persoa: desenvolvemento persoal, desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe e desenvolvemento dos procesos relacionados coa toma de decisións.

b) Principio de prevención.

Con este principio trataríamos de actuar antes de que xurda o problema. A prevención é un concepto comunitario, que pon o énfase no grupo, pretendendo reducir os riscos da totalidade dos membros dun sistema, mellorando as condicións existentes ou previndo posibles problemas.

c) Principio de desenvolvemento persoal.

A orientación debe atender ao desenvolvemento integral da persoa e supón ser considerada como un proceso continuo, tendo en conta que nalgúns “momentos críticos” da vida das persoas a orientación debe ser particularmente intensa.

d) Principio de intervención social.

A orientación non ten que ter en conta só o contexto en que se realiza, senón tamén a posibilidade de intervir sobre ese contexto. Dende esta perspectiva tratará de axudar ao alumnado a tomar conciencia dos obstáculos que se lle presentan no seu contexto e lle dificultan o logro dos seus obxectivos persoais, para que poida afrontar o cambio necesario de ditos obstáculos.

e) Principio de curricularidade.

A orientación estará integrada no currículo formando parte das diferentes áreas e materias, integrada por tanto no proceso de ensino e aprendizaxe.

f) Principio de sistematización.

Considérase a orientación como un sistema, onde non só se debe centrar no alumno senón tamén nos demais axentes implicados (profesores, pais..).

g) Principio de cooperación.

Fai referencia á necesidade de cooperación, coordinación e implicación na elaboración e posta en marcha do proceso de orientación por parte dos implicados no mesmo.

Estes principios non se basean nun solo modelo en exclusiva, se non que apuntan a varios modelos teóricos, de xeito que nós adoptaremos en cada circunstancia aspectos de un ou doutro en función de que nos permitan acadar os obxectivos propostos.

O enfoque da tarefa orientadora será colaborativo co obxectivo de ir propiciando cambios e melloras na práctica educativa, a través da potenciación da comunicación entre tódolos membros que conformamos a comunidade educativa, co fin de lograr os obxectivos comúns que pretendemos.

2.- MARCO LEGAL:

Para deseñar o Plan de Orientación tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica parcialmente a previa a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), e establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación.
- Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).
- Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos cetros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e

Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.
- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento , no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES:

Cando nos plantexamos a elaboración dun plan de orientación coidamos que é preciso facer unha detección de necesidades, que nos indique que aspectos debemos potenciar e que recursos son necesarios para atendelas. Tendo en conta que debemos partir dun análise en profundidade dos diversos documentos de planificación e organización cos que contamos no centro:

- Proxecto Educativo de Centro.
- Normas de Organización e Funcionamento, en proceso de revisión.
- Proxecto Curricular.
- Plan de Convivencia Escolar.
- Plan de Integración do alumnado Inmigrantes, que inclúe un plan de acollida para ditos alumnos/as.
- Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Memoria Anual do Centro e Memoria do Departamento de Orientación.

Tamén é preciso ter en conta a ubicación do I.E.S. de Quiroga, xa que está situado no Concello de Quiroga; zona semi-urbana situada no sueste da provincia de Lugo. O nivel económico da zona é medio-baixo. Os habitantes viven dispersos en numerosos núcleos de poboación, polo que no IES funcionan os servizos de transporte escolar e comedor no colindante C.E.I.P de Quiroga. O núcleo da economía da zona constitúeno as empresas louseiras que daban emprego a un importante número de persoas, tanto nas canteiras de extracción como nas naves de transformación (na actualidade estas empresas están atravesando un período de crises que obrigou a pechar algunha delas).

Aínda que moitas necesidades xa foron detectadas en cursos anteriores, será necesario que dentro das nosas actuacións sigamos dedicando un espazo importante do noso tempo á detección de novas necesidades que vaian xurdindo, sobre todo pola incorporación de alumnado novo, empregando para tal fin as seguintes estratexias:

- Entrevistas/reunións formais e informais cos diferentes membros da comunidade educativa: profesorado, especialmente titores/ titoras, pais/nais e alumnos/as.
- Revisión de informes psicopedagóxicos do alumnado de nova incorporación.
- Entrevistas cos responsables da orientación dos centros de procedencia do alumnado para recoller información.
- Análise dos cuestionarios iniciais dirixidos ao alumnado a principios de curso.
- Análise das probas psicopedagóxicas realizadas dende o Departamento de Orientación (D.O.) ao alumnado de nova incorporación.
- Entrevistas cos distintos membro do Equipo Directivo.
- Conversas informais co profesorado, especialmente coa mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Reunións cos/as titores/as.
- Reunións coa mestra de P.T. para revisar informes de alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de

atención a diversidade do alumnado de nova incorporación ó centro, análise dos informes individualizados do alumnado con dificultades de aprendizaxe, análise do seguimento realizado ó final do curso pasado do alumnado con medidas de atención á diversidade.

- Análise e revisión da Memoria do D.O. do curso pasado.
- Percepción do clima do centro por parte dos diferentes membros do Departamento de Orientación.

A nivel xenérico as **necesidades** máis importantes detectadas son:

➤ RELATIVAS AO ALUMNADO:

- Necesidade de apoio psicopedagóxico por parte do profesorado, titor/a e D.O. ao alumnado con algún problema (persoal, familiar, social, etc) que repercute no ámbito educativo (desenvolvemento da clase, convivencia na aula, etc).
- Necesidade de valoración psicopedagóxica ao alumnado con necesidades educativas.
- Necesidade de revisión ou actualización das ACS xa feitas, e elaboración de novas ACS.
- Necesidade de realizar o seguimento do alumnado con ACS.
- Necesidade de realizar o seguimento do alumnado do Agrupamento Específico Temporal.
- Necesidade de orientación académica e profesional axeitada, destinada tanto ao alumnado que vai acadando os obxectivos como aquel outro que prevemos non vai conseguir acadar o título.
- Necesidade de fomentar a educación en valores no alumnado: habilidades sociais e de comunicación, a tolerancia, a igualdade de xénero, a solución de conflitos.
- Necesidade de realización dun plan de apoio cando xorden problemas de adaptación social.
- Necesidade no alumnado de mellorar as técnicas de estudo.
- Necesidade de atención personalizada ao alumnado que presenta

dificultades de aprendizaxe ou problemas de interacción social.

- Necesidade de “acoller” o alumnado que inicie a súa escolarización no sistema educativo español no noso centro.

➤ RELATIVAS AO PROFESORADO:

- Necesidade de asesoramento ao profesorado á hora de tratar ao alumnado con algunha problemática, prestando unha especial atención aquelas que teñen que ver coas relacións social e o desenvolvemento afectivo.
- Necesidade de asesoramento en medidas de atención á diversidade.
- Necesidade de colaboración coa profesora de P.T. na atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Necesidade de colaboración no desenvolvemento de medidas educativas necesarias para a aprendizaxe do alumnado procedente do estranxeiro.
- Necesidade de colaboración co profesorado no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención a diversidade que existen no centro.
- Necesidade de asesoramento ao profesorado nas novidades lexislativas relativas á implantación da LOMCE e medidas de atención a diversidade que incorpora a nova lei orgánica.
- Necesidade de asesoramento ao profesorado na elaboración do Consello Orientador.

➤ RELATIVAS ÁS FAMILIAS:

- Necesidade de colaboración, implicación e preocupación dos pais/ nais no proceso educativo, que non se limiten a ser meros espectadores.
- Necesidade de establecemento dalgún procedemento de actuación coa familia e alumnado que presenta problemática especial, implicándose o profesorado e especialmente o titor/a co asesoramento do D.O.
- Necesidade de apoio e asesoramento ao alumnado, familia e profesorado para afrontar os momentos escolares de maior dificultade e indecisión.
- Necesidade de informar, orientar ós pais tanto no que se refire ó

desenvolvemento dos alumnos/as, como nas saídas académicas dos seus fillos/as o rematar cada unha das etapas educativas que se imparten no centro.

- Necesidade de informar as familias dos alumnos/as procedentes do estranxeiro sobre o noso sistema educativo.

➤ RELATIVAS OS CEIPS ADSCRITOS:

- Necesidade de elaborar unha programación do D.O. que organice o desenvolvemento da actividade orientadora en cada centro.
- Necesidade de coordinación entre o profesorado de apoio, de cada centro, e o orientador do I.E.S.
- Necesidade de intercambiar información entre o I.E.S. e os C.E.I.P. adscritos sobre ó alumnado que se incorpora o noso centro neste curso académico.
- Necesidade de coordinarse para a organización da xornada de acollida que se celebrará no I.E.S.

Convén sinalar que aínda que se fixo unha análise xenérica do contexto e detectáronse unha serie de necesidades, ao longo do curso irán xurdindo outras, e todas elas será necesario analizalas máis detidamente e en maior profundidade para poder dar a resposta educativa máis axustada posible.

Tanto para a detección de necesidades como para poñer en marcha o Plan de Orientación é preciso a colaboración do equipo docente e en xeral de toda a comunidade educativa, sen ela o desenvolvemento do Plan quedaríase só en un intento.

Outros datos de interese son:

- Número total de profesores/as: 25 Dentro das cales se inclúen á orientadora e á profesora de pedagogía terapéutica.

- Número total de alumnos/as: 91.

E.SO.

- 1 grupo de 1º E.S.O.
- 1 grupo de 2º E.S.O. cun agrupamento flexible.
- 1 grupo de 3º E.S.O.
- 1 grupo de 4º E.S.O.

BACHARELATO

Modalidades: 1º e 2º LOMCE de Bacharelato: Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades.

- 1 grupo de 1º Bacharelato.
- 1 grupo de 2º Bacharelato.

Neste curso académico escolarizáronse novos/as alumnos/as en **1º de ESO**, procedentes dos colexios adscritos. Nesta aula hai 6 alumnos e alumnas con Adaptacións curriculares significativas, reciben apoio fóra da aula coa mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. Hai un alumno que presenta dificultades de aprendizaxe xeneralizadas e ten recoñecida unha discapacidade intelectual.

En 2º da ESO organizouse un Agrupamento flexible (Lingua Galega, Matemáticas, Xeografía e Historia, Física e Química) para atender as necesidades educativas dos/as alumnos/as que non acadan un rendemento académico axeitado froito das súas dificultades de aprendizaxe. Neste curso hai un alumno diagnosticado de TEA asociado a déficit de atención. Precisa ACS na maioría das materias do currículo, apoio fóra da aula coa profesora especialista en pedagogía terapéutica. Ademais neste curso educativo vai a ter profesorado de apoio dentro da aula (Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Artigo 8: Medidas ordinarias).

Organizáronse apoios e reforzos individuais dentro e/ou fóra da aula, segundo o caso, para atender as dificultades de aprendizaxe que presentan algúns alumnos/as.

Este D.O. ten tamén dous centros adscritos, o C.E.I.P. de Quiroga e o C.E.I.P. de San Clodio, que non contan con Departamento de Orientación propio. Así pois, a continuación explicarei as características xerais de cada un destes centros:

C.E.I.P. De Quiroga: atópase na mesma localidade que o I.E.S., a escasos metros, e conta cunha mestra de Audición e Linguaxe (que acude dúas tardes o C.E.I.P. de San Clodio) e da especialista en Pedagogía Terapéutica. Non conta con Departamento de Orientación propio.

Ten un total de 151 alumnos/as, coa seguinte distribución:

- 4º Educación Infantil: 14 alumnos/as.
- 5º Educación Infantil: 17 alumnos/as.
- 6º Educación Infantil: 14 alumnos/as.
- 1º Educación Primaria: 12 alumnos/as.
- 2º Educación Primaria: 24 alumnos/as.
- 3º Educación Primaria: 15 alumnos/as.
- 4º Educación Primaria: 20 alumnos/as.
- 5º Educación Primaria: 21 alumnos/as.
- 6º Educación Primaria: 14 alumnos/as.

C.E.I.P. de San Clodio: atópase no concello veciño de Ribas de Sil e non conta con D.O. propio. Cabería destacar que a el acude, dúas tardes, a mestra de Audición e Linguaxe do C.E.I.P. de Quiroga; e que non conta con mestre de P.T.

Ten un total de 37 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: 10 alumnos/as (1 alumno de 3 anos, 5 alumnos/as de 4 anos e 4 alumnos/as de 5 anos).
- Educación Primaria: 27 alumnos/as.
 - o 1º Primaria: 7 alumnos/as.

- 2º Primaria: 3 alumnos/as.
- 3º Primaria: 7 alumnos/as.
- 4º Primaria: 4 alumnos/as.
- 5º Primaria: 2 alumnos/as.
- 6º Primaria: 4 alumnos/as.

A orientación no centro organízase en torno ao equipo docente, ao profesorado, titores/as e ao departamento de orientación, coordinados pola xefatura de estudos. A coordinación dos distintos niveis e medidas de atención á diversidade lévase a cabo a través de reunións periódicas.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO Plan de Orientación Educativa (P.O.E.)

Os obxectivos xerais que vai asumir o Departamento de Orientación serán os seguintes:

- **Contribuír á personalización da educación**, é dicir, á súa integridade, alcanzando todos os aspectos da persoa, e tamén á súa individualización.
- **Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas**, adaptando a escola aos alumnos e non á inversa.
- **Cooperar e resaltar os aspectos orientadores da educación "orientación na vida e para a vida"**, atendendo ao contexto real dos alumnos e ao futuro que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- **Favorecer os procesos de madureza persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistemas de valores, e da progresiva toma de decisións a medida que os/as alumnos/as han de ir adoptando opcións na súa vida, primeiro, escolares, e logo profesionais.**
- Garantir aqueles elementos educativos máis diferenciados e especializados, menos formais ou tradicionais, que dificilmente, en ocasións, poden proporcionar o profesor ordinario e as estruturas escolares

ordinarias.

- **Previr as dificultades de aprendizaxe** e non só asistilas cando se chegaron a producir, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, do fracaso e da inadaptación escolar.
- Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos, etapas, e, no seu caso, transicións dun centro a outro.
- **Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa:** profesores, alumnos e familias, **así como entre a comunidade educativa e o ámbito social**, asumindo papel de mediación e, se fai falta, de negociación ante os conflitos ou problemas que poidan formularse entre eses distintos integrantes.
- Contribuír a toda clase de factores de innovación e de calidade que redunden nunha mellor educación, nunha educación orientadora e no apoio técnico á oferta educativa.
- Equipar o departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o axeitado funcionamento deste.
- Potenciar a colaboración con outros departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo de Orientación Específico, cos servizos educativos e asistenciais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, pais e alumnos.

Estes obxectivos abranguen **tres dimensións** fundamentais do alumno/a:

- Persoal e familiar, entendendo ao alumno/a como a persoa individual inserido nunha familia.
- Escolar e social, entendendo ao alumno/a como persoa que interacciona con outros e que debe integrarse na sociedade.
- Vocacional e profesional, entendendo ao alumno/a como unha persoa que desempeña o seu propio proxecto de vida e preparácese para a

súa inserción profesional.

Coa finalidade de facer máis práctico este plan de actuación do Departamento de Orientación, xuntos cos obxectivos xerais do mesmo (apartado que segundo a Orde do 24 de xullo de 1998, debe figurar neste documento), sinalamos outros de carácter máis práctico e concreto:

➤ RELATIVOS Ó DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Promover e facilitar reunións periódicas cos profesores e titores.
- Apoiar e asesorar ós profesores na posta en práctica do Plan de Acción Titorial (PAT) e o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), así como no seguimento, avaliación e revisións dos mesmos.
- Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito da orientación e asesoramento.
- Colaborar na revisión da documentación do Centro e noutros proxectos específicos do Centro que se puideran levar a cabo.

➤ RELATIVOS Ó ALUMNADO

- Potenciar a orientación en todos os alumnos do centro e realizar actividades de orientación e intervención psicopedagóxica cos alumnos/as que o necesiten debido as súas necesidades específicas de apoio educativo.
- Ofrecer orientación e información sobre as posibilidades formativas e profesionais ó termo das distintas etapas educativas.
- Adecuar as medidas de atención á diversidade ás dificultades do alumnado.
- Favorecer no alumnado hábitos de tolerancia, respecto ós dereitos dos demais, cumprir normas,...
- Favorecer a aprendizaxe e consolidación de hábitos sociais que permitan ó alumnado ter unha relación fluída co entorno.
- Potenciar no alumnado o autoconecemento e a autoafirmación para que a

toma de decisións de carácter vocacional sexa responsable, autónoma e reflexiva.

- Previr dificultades de aprendizaxe e favorecer o desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo necesarios para un adecuado proceso educativo.
- Favorecer a integración do alumnado procedente do estranxeiro e de todos aqueles alumnos de nova incorporación ó centro educativo.

➤ RELATIVOS Ó PROFESORADO.

- Potenciar e dinamizar a función titorial facilitando recursos e materiais para o seu adecuado desenvolvemento.
- Colaborar no seguimento e realización das distintas medidas de atención á diversidade.
- Colaborar co profesorado do centro na posta en práctica do PAT e POAP e na difusión da oferta educativa do centro.
- Asesorar e colaborar co profesorado na realización dos informes de avaliación de cada alumno da E.S.O.
- Asesorar ao profesorado e colaborar co profesorado titor na elaboración do consello orientador.
- Colaborar nas xuntas de avaliación.

➤ RELATIVOS ÓS CENTROS ADSCRITOS:

- Elaborar unha programación adaptada a realidade particular de cada centro.
- Coordinar todas as actividades de orientación e atención psicopedagóxica que necesite os centros adscritos.
- Crear canles de coordinación e colaboración entre o D.O. do I.E.S. e os mestres de apoio, de modo especial, dos centros adscritos.
- Organizar actividades de PORTAS ABERTAS dos/as alumnos/as de 6º de Ed. Primaria que se van a incorporar ó I.E.S. co fin de facilitarlles a incorporación a un novo centro e etapa educativa.

➤ RELATIVOS ÁS FAMILIAS

- Informar ás familias daquelas cuestións que lles afectan.
- Potenciar a colaboración das familias no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Buscar vínculos de colaboración entre o centro, o departamento de orientación e as familias co fin de buscar solucións educativas que afectas os seus fillos, traballando todos nunha mesma liña educativa.

➤ RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ORGANISMOS.

- Establecer canles de coordinación e colaboración entre o centro educativo e outras institucións da zona. Por exemplo, os Equipos de orientación específicos, o Centro de Formación e Recursos para o Profesorado, a Educadora Familiar do concello e ou outros profesionais que estean relacionados coa nosa labor educativa.
- Manter a cooperación coas universidades galegas, mellorando así o tránsito dos nosos alumnos/as o sistema universitario.

Á hora de plantexarnos a nosa labor orientadora non nos circunscribimos exclusivamente ó centro educativo, senón que buscamos transcender ó ámbito do centro cando se considere oportuno. Por esta razón é necesario establecer un acercamento aos distintos membros da comunidade educativa e en ocasións a membros que non pertencen á comunidade educativa pero que están relacionados coa mesma.

5. CONTRIBUCIÓN O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DA E.S.O.

As competencias foron incorporadas como un dos elementos do currículo na LOE co nome de competencias básicas e a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) pon un maior énfases nun modelo de currículo baseado en competencias, vinculándoas estreitamente cos obxectivos das diferentes etapas educativas. A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, describe as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de

avaliación da Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e establece as competencias clave do Sistema Educativo Español e especifica que a aprendizaxe competencial debe abordarse dende tódalas áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforma a comunidade educativa; e tendo en conta que a orientación forma parte da acción educativa, a hora de sinalar como se vai desenvolver a actividade orientadora no centro é preciso facer referencia a como contribuiremos o desenvolvemento de ditas competencias clave, establecidas para a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia no Decreto 86/2015, de 25 de xullo, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

Refírese a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e da organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia lingüística a través de:

- A comunicación na resolución de conflitos na comunidade escolar.
- Establecementos de relacións construtivas cos demais e co entorno.
- Potenciación de destrezas e actitudes que permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias, así como dialogar e formarse un xuízo crítico e ético.
- Desenvolvemento da autoestima e da confianza nun mesmo.
- Habilidades para representar mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.
- Concienciación das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais.
- Promoción da capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico;

expresar axeitadamente as propias ideas e emocións; e aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

B. COMPETENCIA MATEMÁTICA e COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA:

Fan referencia a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fora del. Tamén favorece a participación efectiva na vida social. Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía a través de:

- Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións.
- Utilizar espontaneamente os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas proveniente de situacións cotiás e para tomar decisións.

C. COMPETENCIA DIXITAL:

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade. Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia a través de:

- Habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.
- Destrezas de razoamento para organizar, relacionar, analizar e sintetizar a información.

- Ser persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes.
- Actitude crítica e reflexiva na valoración da información.
- Capacitación para a empregabilidade e uso de ferramentas tecnolóxicas orientadas á procura de emprego.
- Uso de ferramentas tecnolóxicas que faciliten a inclusión e a accesibilidade.
- Formación no uso seguro e creativo de ferramentas tecnolóxicas.

D. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:

Supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe, organizarse e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades ao longo da vida.

Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia a través de:

- Habilidades para obter información e para transformala en coñecemento propio.
- Potenciar capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras.
- Valoración da perseveranza na aprendizaxe como un elemento que enriquece a vida persoal e social.
- Capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual.

E. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS:

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade dinámica, cambiante e complexa na que vivimos, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos

conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia a través de:

- Habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e intereses forman parte da convivencia, resolve-los con actitudes construtiva e tomar decisións con autonomía empregando tanto os coñecementos sobre a sociedade como unha escala de valores construída mediante a reflexión crítica e o diálogo no marco dos patróns culturais básicos de cada relixión, país ou comunidade.
- Comprensión da aportación que as diferentes culturas fixeron á evolución e progreso da humanidade.
- Ser consciente dos valores do entorno, avalialos e reconstruílos afectiva e racionalmente para crear progresivamente un sistema de valores propio e comportarse en coherencia con el ao afrontar unha decisión ou un conflito.
- Valoración das diferenzas á vez que se recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.
- Habilidades coma a toma de conciencia dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións, e o control e autorregulación dos mesmos.
- Valorar as prácticas democráticas, e exercer a cidadanía actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitudes construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

F. COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR:

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos: Adquirir conciencia da situación a resolver e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto, tanto nos ámbitos persoal e social, como escolar e laboral. Implica cualidades e actitude persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o auto-coñecemento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular

riscos e de afrontar os problemas, a capacidade de demorar a satisfacción inmediata e de aprender dos erros.

Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia a través de:

- Habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible.
- Habilidades e actitudes como confianza nun mesmo, espírito de superación, habilidades para o diálogo, capacidade de afirmar e defender dereitos, ou asunción de riscos.
- Aplicación de valores e actitudes interrelacionadas como a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

G. COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI:

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute, e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Desde a actividade orientadora contribúese o desenvolvemento desta competencia a través de:

- Habilidade de pensamento diverxente e converxente.
- Promoción da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Habilidades de cooperación e de traballo colaborativo.
- Actitude aberta, respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais.
- Valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, a importancia do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS:

6.1.- Planificación xeral.

O departamento de orientación deste IES está constituído, de acordo co Decreto 324/1996 polo que se implanta e regulan os Institutos de Educación Secundaria, por:

Composición a nivel interno:

- Orientadora: Ana Belén Sáñez Rodríguez (como persoal interino).
- Unha profesora de pedagogía terapéutica:
 - *Beatriz Veiga Jato.*
- Dúas Titoras- profesores/as de ámbito:
 - *Mª Antonia Fernández Piñeiro, titora de 1º ESO (ámbito científico-tecnolóxico).*
 - *Mª Pilar Nogueira Álvarez, titora de 2º ESO (ámbito lingüístico- social).*

Composición a nivel de zona:

A nivel de zona intégranse no Departamento de Orientación a seguinte persoa:

- Mestra representante do CEIP de Quiroga: **Sara Rodríguez Chavert**
- Mestra representante do CEIP de San Clodio: **Ana Jato Rodríguez.**

Funcionamento. Artigo 14 da Orde do 24 de xullo de 1998:

Tal e como se indica na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98), realizaranse as seguintes reunións:

As reunións do Dpto de Orientación faranse como mínimo unha vez ao mes, logo da convocatoria de Xefatura de Departamento.

Reunión da Orientadora, coas titoras de 1º e 2º E.S.O., profesora de Pedagogía Terapéutica e Xefatura de Estudos: mércores 12:50 a 13:40 h.

Reunión da Orientadora, cos/as titores/as de 3º e 4º E.S.O.e Xefatura de Estudos:

mércores 9:45 a 10:30 h.

Todas as reunións necesarias para atender as necesidades que xurdan na atención aos diferentes sectores da Comunidade Educativa.

Horarios de atención:

- **Alumnado:** o alumnado poderá acudir en calquera recreo, así como calquera outro día e hora sempre que o solicite por anticipado.
- **Pais-nais:** Luns de 13:40 h a 14:30 h. Así como en calquera outro momento con cita previa.

6.2.- Estratexias prioritarias de intervención:

Dende o Departamento de Orientación do IES de Quiroga adaptamos ao noso contexto as liñas prioritarias de actuación sinaladas na Circular 10/2010 en función das necesidades detectadas e das nosas posibilidades, tendo en conta tamén a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica, priorizando as seguintes:

- 1) Prestar apoio e colaboración ás actuacións relacionadas coa inclusión e a atención a diversidade:
 - Asesoramento ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
 - Elaboración e posta en práctica de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
 - Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
 - Facilitar o axuste das propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas e orientadas polo seu potencial de aprendizaxe.
 - Asesoramento ao profesorado sobre as medidas de atención a diversidade

que incorpora a LOMCE así como as recollidas no Decreto 229/2011.

- Asesoramento aos departamentos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas AC.
- Asesoramento ao conxunto da comunidade educativa da ESO sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais.

2) Potenciación das titorías:

- A través das reunións celebradas cos/as titores/as dos distintos grupos de ESO, coordinando a súa labor e proporcionándolles recursos que lles faciliten o desenvolvemento das súas funcións. Prestando unha especial atención a potenciación da convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, a coeducación e ó aprendizaxe emocional.
- Asesoramento á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Posta en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento do centro.
- Colaborar no programa “DONAS DE SI”, dentro do Plan Proxecta.
- Promover accións destinadas o promoción da coeducación e a intelixencia emocional.

- 4) Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:
- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
 - Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.
- 5) Facilitar soporte e colaboración naqueles aspectos e requirimentos legais relacionados coa orientación: consellos, información e orientación profesional, alternativas ó finalizar a escolaridade obrigatoria, Adaptacións Curriculares e outras medidas de atención á diversidade...
- 6) Vinculadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:
- Favorecer o tránsito dunha etapa educativa a outra (alumnado de 6º Primaria, 4º ESO e 2º Bacharelato) ou ben a incorporación a vida activa. Deste xeito poderemos guiar ou asesorar o alumnado nos distintos itinerarios formativos, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de búsqueda de emprego.
 - Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
 - Asesoramento sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.
- 7) Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:
- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
 - Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de

mellora e calidade do sistema educativo.

- 8) Fomentar a implicación das familias na tarefa educativa, especialmente das familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, informando, asesorando e solicitando xunto co/a titor/a a súa colaboración para que os reforzos teñan continuidade no fogar.

Tamén se prestará unha especial atención ás familias dos/as alumnos/as que acaban de incorporarse ó centro, para así facilitar a súa integración e participación das diversas actividades propostas, e aqueles/as que vaian finalizar unha etapa educativa (ESO ou Bacharelato).

- 9) Relacionadas coa coordinación dos D.O.:

- Establecemento de mecanismos sistemáticos de coordinación entre as responsables da orientación nos C.E.I.P adscritos e o xefa do D.O. de secundaria.
- Promoción da coordinación entre a xefa do D.O. e os servizos de orientación da zona para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

- 10) Colaboración/ coordinación con outras institucións do entorno: Servizos Sociais, Saúde Mental, Centro de Saúde, Axencia de desenvolvemento local, Centro de Prevención de Drogodependencias, etc.

- 11) Relacionadas co drdorienta: facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda nesta aplicación informática.

7.- ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A actividade do Departamento de Orientación para cumprir os obxectivos propostos xira en torno a tres ámbitos:

7.1.- Plan de apoio ó proceso de Ensino/Aprendizaxe

7.2.- Plan de acción tutorial.

7.3.- Plan de Orientación académico profesional.

7.1. APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

No plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe recóllense e desenvolven as propostas relativas á atención á diversidade, xa que o D.O. colaborará co profesorado na atención á diversidade dos/as alumnos/as, elaborando propostas relativas ao conxunto de medidas de carácter xeral e específico que se poidan levar a cabo no centro para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe da totalidade do alumnado.

Así mesmo, o D.O. determinará as intervencións específicas que lle competen neste ámbito, tanto no que se refire á súa tarefa de apoio ao profesorado coma ao seu traballo directo con alumnado.

Por todo iso, atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos que se escolarizan nos diferentes grupos, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio recollidas neste plan.

Este documento é unha síntese do Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado no curso 2013-2014. Dito Plan Xeral de Atención a Diversidade ten que ser concretado para cada curso académico, segundo art. 11.4 do Decreto 229/2011 polo que se regula a atención a diversidade na comunidade autónoma de Galicia, polo que incluímos dita proposta de concreción anual no presente Plan de Orientación como anexo IV, para a súa inclusión na Programación Xeral Anual.

A. **Obxectivos Xerais:**

- Optimizar o proceso de Ensino-Aprendizaxe.

- Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
- Colaborar ,cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na planificación e realización de actividades dirixidas á súa solución.
- Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten dificultades importantes.
- Promover e desenvolver estratexias de aprendizaxe entre o alumnado, é dicir "aprender a aprender" e proporcionarlle ao profesorado o asesoramento axeitado para desenvolverlas durante o proceso de ensino que levan a cabo.
- Evitar, na medida do posible fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos mediante as oportunas adaptacións curriculares.
- Desenvolver un seguimento especializado e continuado ao alumnado que podería ser candidato a incorporarse a Formación Profesional Básica.
- Impulsar un pensamento autónomo e crítico no alumnado ao igual que o traballo en grupo.

B. Obxectivos específicos:

- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado.
- Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade e o traballo en grupo.
- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións harmoniosas na aula.

- Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumno, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias, reforzos, grupos específicos e recuperación.
- Seguir puntualmente a evolución académica e persoal do alumnado.
- Establecer contactos e vías de colaboración con diferentes entidades ou especialistas que poidan axudarnos ao desenvolvemento de programas ou actuacións concretas encamiñadas a unha mellor formación persoal e académica do alumnado.
- Colaborar cos titores na elaboración do informe individualizado.
- Avaliar, conxuntamente co profesorado, o desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ao longo do curso.

C. Medidas de apoio e ámbitos de actuación.

Realización da avaliación psicopedagóxica dos/as alumnos/as que a precisen:
cada vez que teñamos que realizar unha avaliación psicopedagóxica será necesario coñecer os datos identificativos do/a alumno/a datos que o/a titor/a deberá facilitar aos membros do D.O. se o consideran necesario. Igualmente poderá solicitarse ao profesorado a realización dunha serie de probas para determinar o nivel de competencia curricular, probas que poderán ser estandarizadas ou elaboradas (nas que o orientador poderá colaborar na súa selección). O/a orientador/a a través da aplicación de probas psicopedagóxicas, entrevistas e observacións complementará a información facilitada polo equipo educativo. Toda a información recollerase posteriormente nun informe elaborado polo/a orientador/a que se transmite posteriormente ó titor, se a proposta é de aplicación de medidas ordinarias, e, a través dunha reunión co profesorado implicado e a xefatura de estudos, se a proposta é de medidas extraordinarias decidindo se esa medida se vai levar a cabo con ese/a alumno/a e reparto de responsabilidades se é afirmativa.

Coñecemento dos/as alumnos/as por parte do profesorado a través de información facilitada polo D.O.: aportando datos relacionados cos resultados dos diagnósticos, de informes de anos anteriores, darlles información para axudar a identificar a alumnos con necesidades educativas especiais.

Solicitud por parte do D.O. da cumplimentación de cuestionarios iniciais dirixidos a alumnos para a detección de posibles necesidades: estes cuestionarios entregaraos o/a titor/a nunha das 1ª titorías co alumnado. Serán de utilidade para recoller información do alumnado cando se precise á hora de realizar unha avaliación psicopedagóxica.

Análise dos informes do alumnado procedente de Primaria con medidas de atención á diversidade ou propostos para elas. Esta análise levarase a cabo dende o Departamento de Orientación que posteriormente transmitirase a información que se considere necesaria ao titor/a que corresponda.

Colaboración co profesorado na realización de Adaptacións Curriculares, se é o caso.

Colaborar co profesorado na selección de programas, materiais de apoio, información a pais.

Seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.

Participar nas sesións de avaliación inicial e avaliación, colaborando co profesorado na procura das respostas educativas adecuadas ás necesidades do alumnado, informando sobre alumnos/as con necesidades educativas especiais.

Colaborar dende o Departamento de Orientación na difusión de información que afecte ao profesorado/ alumnado, incluíndo a creación de materiais se é necesario.

Colaborar co profesorado na atención a alumnos/as a nivel individual no referente ó seu desenvolvemento persoal, social, familiar, escolar, etc. nalgúns casos en que sexa necesario algún tipo de intervención psicopedagóxica, asesorando ó mesmo tempo ó profesorado implicado cando sexa preciso.

Colaborar co/a titor/a na información, asesoramento ós pais, solicitando colaboración na labor educativa dende o fogar.

Colaborar co profesorado na selección de materiais de reforzo cando estes o

demanden.

7.2.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías no centro.

Atendendo ás directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), o Departamento de Orientación elaborará o PAT, en colaboración cos titores, deseñando as estratexias e criterios xerais que deberán orientar o labor de todos os titores ao longo do curso e achegando a información e material que se requira.

A hora de abordar o desenvolvemento da acción titorial, compre sinalar que non pode sustentarse en actuacións individuais e iniciativas illadas do/a titor/a. A responsabilidade de planificar accións co alumnado debe ser unha responsabilidade compartida.

A través do D.O. preténdese coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de titoría preparando, seleccionando e difundindo material, participando en algunha sesión de titoría grupal cando o/a titor/a o demande sobre todo cando se traballe a orientación vocacional, colaborando na información ás familias, participando nas sesións de avaliación, colaborando na elaboración de ACS.

Cada actuación en titoría require empregar unhas técnicas de traballo axeitadas. O Departamento de Orientación pode e debe servir de apoio na elaboración e desenvolvemento de ditas técnicas. Como exemplo dalgunhas delas, podemos subliñar:

- ✓ Dinámica de grupos
- ✓ Test sociométricos
- ✓ Avaliación de actitudes ante o estudo
- ✓ Avaliación do rendemento académico

- ✓ Técnicas de modificación de conduta
- ✓ Técnicas de traballo intelectual
- ✓ Avaliación de dificultades de aprendizaxe
- ✓ A observación
- ✓ A entrevista.

(Ver anexo. Plan de Acción Titorial –curso 2017-2018).

7.3.- PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

Ten como finalidade favorecer-la toma de decisións de carácter vocacional por parte do alumnado. É importante que á hora de decidir, o alumno se informe por diferentes medios, reflexione e tome as decisións máis acordes coas súas capacidades, intereses e motivacións.

A. **Obxectivos xerais:**

- Coordinar a Orientación académica e profesional do alumnado ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente nos cambios de curso e ante a elección de distintas opcións académicas, formativas e profesionais.
- Proporcionar ó/a alumno/a estratexias, información e recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento máis obxectivo de si mesmo.
- Favorecer a madurez vocacional do noso alumnado.
- Recoñecer as opcións educativas e profesionais que propón a sociedade na actualidade.
- Axudar ao alumnado a desenvolver estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Proporcionar estratexias para o tránsito á vida adulta e activa.
- Facilitar e conseguir que os alumnos tomen a súa decisión o máis coherente coa súa personalidade, capacidades, medios socioeconómicos e oferta do sistema educativo.
- Tomar conciencia da natureza e amplitude do mundo ocupacional.
- Facilitar o coñecemento de todo aquilo que fai referencia á Orientación de

estudos, profesional e ocupacional, así como crear estratexias de busca desa información.

- Recoñecer as relacións entre as características persoais e os requisitos profesionais.
- Desenvolver actitudes positivas e críticas cara ao traballo.
- Facilitar a integración do alumno no centro e na aula.
- Implementar habilidades sociais e de comunicación.
- Fomentar a coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Estes obxectivos organízanse en torno aos seguintes eixes principais:

- O autoconñecemento: como son, como me vexo e como me ven os demais, que me gusta, que se me dá ben, que quero ser -os meus intereses profesionais- expectativas da miña familia.
- Aptitudes, habilidades, traxectoria escolar.
- Valores, intereses, motivacións.
- Personalidade, autoestima, actitudes.
- Aspiracións, expectativas, proxectos, afeccións.
- Situación familiar, socio-económica e cultural.
- Coñecemento do sistema educativo: itinerarios formativos, axudas.
- Itinerarios académicos e profesionais.
- Probas de acceso libre para a obtención de diferentes titulacións: Graduado en Educación Secundaria a través da Educación de adultos, FP específica, ...
- Requisitos de ingreso ás diferentes opcións existentes.
- Bolsas de axuda ao estudo.
- Coñecemento do mundo laboral: perspectivas de emprego, perfil profesional, relacións laborais (tipos de contratos, lexislación laboral).
- Estrutura dos sectores produtivos, o tecido empresarial, o mercado sectorial de traballo e as perspectivas de colaboración.

- Profesións, ocupacións, monografías profesionais.
- Fontes de emprego, sectores e profesións con maior demanda laboral.
- Toma de decisións e proxecto de vida: resolución de problemas.
- Procesos de inserción socio-laboral:
- Métodos, técnicas e estratexias de busca de emprego.
- Habilidades sociais.
- Elaboración de documentos profesionais, que se deben presentar na busca activa dun emprego (instancia, carta de presentación, currículo vitae)
- Organismos relacionados coa inserción socio-laboral e que poden axudar á procura dun emprego (Servizo Galego de Colocación, sindicatos, Administración, ...)
- Posibles probas de selección que haxa que superar para a busca dun posto de traballo (entrevista de selección, test psicotécnicos).
- Traballo por conta propia e por conta allea.
- Competencias claves do traballador.

B. Ámbitos de actuación.

- Elaboración e difusión de documentos para o alumnado sobre as distintas saídas: novidades LOMCE, optativas, itinerarios, bacharelato, ciclos formativos, outros estudos, o mundo laboral.
- Manter informado puntualmente ao alumnado a través do panel de corcho instalado no corredor do centro, nas diferentes aulas, informando ao titor/a, xuntanzas co alumnado.
- Asesoramento individualizado a pais/nais, profesorado e alumnado no DO cando estes o demanden, no horario dedicado a tal fin.
- Organización de diferentes charlas grupais de orientación académica-profesional impartidas polo D.O.
- Colaboración cos/as titores/as na elaboración do Consello Orientador.
- Complimentación individualizada dun cuestionario de preferencias

profesionais a 4º ESO que sirva de apoio para confeccionar o seu proxecto de vida.

- Información sobre recursos web relacionados coa orientación académica-profesional nos cursos superiores, para que eles mesmos se informen das opcións adecuadas as súas características persoais e poidan así mesmo cumprimentar un cuestionario de intereses que lles axude na súa toma de decisións.

As actividades a levar a cabo co **Bacharelato** son:

- Asesoramento individualizado a pais e alumnado cando o demanden.
- Visitas e charlas para o alumnado sobre as distintas posibilidades, ofertas educativas e formativas do zona.
- Organización dunha charla de orientación académica impartida polo D.O. para alumnos de 1º e de 2º respectivamente.
- Información puntual aos alumnos de calquera tema de interese para eles, a través dos titores, paneis informativos na aula.
- Participación no programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC.

8.- IMPLEMENTACIÓN:

8.1.- *Criterios de actuación*

A **metodoloxía** a empregar para levar a cabo estas actuacións tentará en todo momento favorecer un clima de colaboración, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado.

O D.O. pretende ser unha entidade disposta a colaborar en todo momento con calquera membro da comunidade educativa, favorecendo ó mesmo tempo a actividade de aquel con quen colabora.

Dende o D.O., nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía que implique tanto á toda a comunidade educativa coma os servizos do contorno, con

accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para acadar isto empregaremos os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen:

Modelo de programas, usarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse aos acontecementos e incidir no problema o máis rápido posible. A acción está encamiñada á prevención e o desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

- Análise do contexto
- Detección de necesidades
- Formulación de obxectivos
- Planificación de actividades
- Desenvolvemento do programa
- Avaliación do programa.

O **Modelo de consulta** utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo. A acción deste modelo articularase ao redor de tres elementos:

- O/A orientador/a asume o rol de consultor, que intervirá de forma indirecta co cliente a través do mediador.
- O/A mediador/a (titor/a, profesorado, pais/nais, etc) interveñen directamente co cliente, a partir de propostas do orientador.
- O/A destinatario/a último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

As actuacións correspondentes a este modelo serán:

- Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador.
- Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán o

orientador e o mediador.

- Proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador.
- Desenvolvemento do programa polo mediador.
- Avaliación do programa polo mediador e o orientador.

Así mesmo compre sinalar que unha grande parte das actuacións formuladas inseriranse no desenvolvemento das programacións das distintas áreas e outras a través do PAT. Os responsables do desenvolvemento serán todos os profesores, coordinados polo titor/a e estes polo xefe de estudos e o D.O.

Algunhas das nosas actuacións serán:

- Diseñar o POE de acordo coas directrices establecidas pola CCP e as achegas dos diferentes titores.
- Sensibilización á comunidade educativa da necesidade de desenvolver o POE e da súa coordinación entre todos os axentes que interveñen en cada curso.
- Formación inicial e continua aos profesores e titores sobre as necesidades detectadas á hora de implantar o POE ou daquelas que van xurdindo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesoramento aos titores nos aspectos de maior "responsabilidade" psicopedagóxica (autocoñecemento dos alumnos, adestramento para a toma de decisións, distribución de espazos, tempos e grupos dentro da aula, principios metodolóxicos en que se basear, deseño de actividades, principios da avaliación, desenvolvemento das competencias básicas, detección das necesidades, deseño das ACS...).
- Apoio informativo aos titores sobre opcións académicas e laborais e sobre as diferentes medidas de atención á diversidade e a personalización da educación.
- Proporcionarlle recursos para desenvolver as diferentes actividades.

- Intervención directa en actividades concretas dirixidas aos alumno/as:
- Actividades de carácter especializado por exemplo: aplicación dunha proba de aptitudes escolares ou de intereses persoais.
- Actividades de carácter masivo, por exemplo un ciclo de conferencias sobre tipo de carreiras, unha campaña para fomentar o hábito de lectura.
- Actividades dirixidas ás familias, para facilitar a súa colaboración e implicación na educación e no proceso de toma de decisións dos seus fillos.
- Actividades relacionadas co mundo laboral, como a visita dos alumnos a unha empresa ou a busca de posibilidades de inserción laboral.
- Avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos/as que o precisen.
- Sobre todo, cando as actuacións que se dirixiron dende o primeiro nivel de Orientación non responderon ás súas necesidades, será necesario proporcionarlle un asesoramento individualizado.

8.2.- Distribución de tarefas.

As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no **plan de orientación**, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

8.3.- Recursos empregados.

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada., procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

RECURSOS		
Persoais	Do contexto	Materiais
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado ▪ Titores ▪ Orientador ▪ Profesionais externos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Servizo Galego de Colocación. ▪ Concello: traballadora social,... ▪ C.O.F. De Monforte. ▪ Unidade de Drogodependencias de Monforte ▪ Servizo galego de Saúde. ▪ Empresas ▪ Profesionais da Universidade ▪ Profesionais dos centros educativos limítrofes que imparten FP. ▪ IGAPE ▪ Consellería ▪ Internet ▪ Familias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cuestionarios ▪ Inventarios ▪ Folletos sobre Orientación Profesional, Prevención de Drogas, Educación en Valores,... ▪ Tests e baterías de aptitudes escolares. ▪ Bibliografía de diversos temas. ▪ Ordenadores e programas informáticos sobre orientación académica e profesional, coñecemento do idioma galego,... ▪ Material Interactivo ▪ Páxina web do IES na que hai un apartado de Orientación. ▪ Aula virtual do IES

8.4.- Temporalización.

A programación do tempo especifícase para cada actividade en cada un dos apartados do Plan de Orientación e do PAT. Nembargante atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que xurdan ao longo do curso, tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumnos, e moi especialmente as necesidades educativas especiais e a atención á diversidade.

8.5.- Centros adscritos.

Tendo en conta que o centro adscrito non contan con orientador, será a xefa do D.O. do I.E.S. a responsable de tódalas accións orientadoras que se desenvolvan no centro. Garantindo deste xeito que as liñas xerais de actuación sexan comúns para os tres centros de modo que poidamos facilitar así a continuidade na labor educativa que se leva a cabo co noso alumnado.

A orientadora acudirá ó CEIP de Quiroga os martes toda a mañá, os xoves dúas sesións. En canto ó C.E.I.P. de San Clodio, a asistencia ó centro será dunha hora cada 15 días os luns.

Compre sinalar que tódolos cursos se organiza a Xornada de Acollida do alumnado de 6º Primaria, que se celebrará no terceiro trimestre no I.E.S. de Quiroga, e as charlas aos pais/nais destes/as alumnos/as coas que facilitar o tránsito a unha nova etapa educativa.

9.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Unha vez desenvolvida esta programación do D.O., é necesario avaliála, para iso podémonos apoiar nos criterios de avaliación que estarán referidos aos obxectivos especificados en cada un dos apartados deste documento. Cada obxectivo ten concretados os seus propios criterios de avaliación. Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos:

- **Avaliación inicial:** Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do Departamento de Orientación, na Comisión de Coordinación Pedagóxica e das aportacións dos Departamentos didácticos.
- **Avaliación do proceso:** Recollida de información a través das reunións periódicas do D.O e da CCP, así como as reunións de coordinación dos/as titores/as e X.E. co D.O. e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, dando a coñecer o estado de desenvolvemento do Plan de Orientación e analizando as dificultades que se presentan e propoñendo os cambios necesarios.

- **Avaliación final:** Realización dunha memoria cos datos aportados polos titores, os Departamentos, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. Esta memoria incluirá:
 - Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
 - Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados.
 - As dificultades atopadas.
 - Os factores que influíron nas dificultades.
 - Os aspectos que será necesario modificar e mellorar.
 - As propostas de innovación necesarias.

A redacción desta memoria final corresponde a xefa do D.O. quen, unha vez elaborada, entregaralla o equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

Algúns dos criterios que se van e empregar para levar a cabo esta avaliación son os seguintes:

- Existencia da previsión de tempos para levar a cabo por parte da xefa do D.O. as actividades da súa competencia no propio centro e nos centros adscritos.
- Adecuación do POE co PC e coas liñas establecidas polas CCP.
- Elaboración do POE a partir da avaliación xeral de necesidades de orientación no centro e nos centros adscritos: adecuación dos obxectivos, actividades e recursos ás características do alumnado, do centro e do entorno.
- Satisfacción dos diferentes participantes.
- Suficiente coordinación dos profesionais participantes.
- Suficiente difusión do Plan entre a comunidade educativa.
- Implicación de titores, pais e Equipo Directivo.
- Colaboración de axentes externos.

10.- PARTICIPACIÓN NOS PLANS PROXECTA e NOUTROS PROGRAMAS:

No presente curso académico participarase no programa “Donas de sí” dentro do Plan Proxecta que ten como obxectivo a visibilización e posta en valor das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega.

O programa “Quérote”, tamén dentro do Plan Proxecta, enfocado á alumnado de 3º da ESO, onde traballaremos aspectos relacionados coa autoestima, educación afectivo-sexual e convivencia.

Outros contidos dos Plans Proxecta serán traballados de xeito transversal nas diferentes materias e a través da hora de titoría lectiva.

Participación no “Programa a Ponte entre o Ensino Medio e a USC” mediante charlas temáticas.

Talleres para todo o alumnado da ESO sobre hábitos saudables, a cargo do Servizo de Prevención de Drogodependencias de Monforte.

Aqueloutras que xurdan ó longo do curso, que fomenten o bó desenvolvemento socioemocional do noso alumnado.

Aprobado polo Departamento de Orientación na sesión do día 20 de outubro de 2017.

11.-BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

A) BIBLIOGRAFÍA

ADELL, M.A.(2004) Estrategias para mejorar el rendimiento académico de los adolescentes. Madrid: Psicología Pirámide.

AJURIAGUERRA, J. (1990) Manual de psiquiatría infantil. Barcelona: Masson.

ÁLVAREZ, M. y BISQUERRA, R. (1996). Manual de orientación y tutoría. Barcelona: Praxis, 337.

ALVARIÑO ALEJANDRO, MD, CARNOTA CARNEIRO, MP., GARCÍA LÓPEZ,A., GONZALÉZ IGLESIAS, F., QUINTELA VIÑA, E. e SANZ LOBO, M.D ((2005) Convivir, vivir con. Xunta de Galicia.

BAILEY, J. (2004) De sexo también se habla. SM. (Madrid)

BINABURO ITURBIDE, J.A e MUÑOZ MAYA, B. (2007) Educar desde el conflicto. Junta de Andalucía.

DSM-5. (2014) Manual diagnóstico y estadístico de trastornos mentales. Editorial Médica Panamericana.

ELIAS, M.J., TOBIAS, S.E. e FRIENDLANDER, B.S. (2001). Educar adolescentes con inteligencia emocional. Barcelona: Plaza y Janés.

FERNÁNDEZ RODRIGUEZ, C. 2003) Aprender a estudiar. Madrid: Pirámide.

GARCÍA LABIANO, J.M. (2004) Programa de acción tutorial para la educación secundaria obligatoria. Madrid: CISSPRAXIS.

GIL MARTÍNEZ, R. (1997) Manual para tutorías y departamentos de orientación. Barcelona: Praxis.

GÜELL, M. (2005) ¿Por qué he dicho blanco si quería decir negro? Técnicas asertivas para el profesorado y formadores. Barcelona: Grao.

IZAL MARIÑOSO, M.C. (2005) Tutoría de valores con preadolescentes. Madrid: CCS.

JIMÉNEZ ORTEGA, J. (1994). Método práctico de técnicas de estudio. Madrid: Visor.

MUZÁS RUBIO, M.D., OÑAE PAREJO, M.V, PÉREZ PESA, E. e ZÁRATE ARGOTE, A. (2010) Preparo mi futuro: programa para la toma de decisión en la ESO. San Sebastián: Ed. Donostiarra.

PÉREZ DE PABLOS, S. (2003) El papel de los padres en el éxito escolar de los hijos. Madrid: Aguilar.

RIVAS, F. (1995). Manual de asesoramiento y orientación vocacional. Madrid: Síntesis, 383-419.

RODRIGUEZ, N. (2004) Guerra en las aulas: cómo tratar a los chicos violentos y a los que sufren sus abusos (4 a 16 años). Madrid: Ed. Temas de Hoy SA.

RODRIGUEZ DE LA TORRE, M.E. (2003) Stop al fracaso escolar: el cerebro al 100%. Barcelona: Grijalbo.

RODRÍGUEZ ESPINAR, S. (coord.), ÁLVAREZ, M., Echeverría, B. y Marín, M.A. (1993). Teoría y práctica de la orientación educativa. Barcelona: PPU.

SABER PARA VIVIR e QUE ME DICES (varios monográficos de varios anos comprendidos entre 2006-2010) Vigo: Nova Galicia Edicións.

SELVINI PALAZZOLI, M. (1990) El mago sin magia. Barcelona: Paidós Educación.

SOBRADO FERNANDEZ, L. (ed)(1998) Estratexias de orientación psicopedagóxica no ensino secundario. Santiago: Laiovento.

SOBRADO FERNANDEZ, L.(1990) Intevención psicopedagógica y orientación educativa. Barcelona: PPU.

VALLEJO-NÁGERA, J.A (DIR.) (1991) Guía práctica de psicología. Madrid: Temas de Hoy.

VVAA. (2001) Cómo tomar decisións sobre o teu futuro: guía de orientación vivencial para adolescentes. Servizo Galego de Igualdade: Xunta de Galicia.

ZÁRATE ARGOTE, A, MUZÁS RUBIO, M.D e PÉREZ PRESA, E. (2008) ¡Me decido! Programa para la toma de decisión en el bachillerato. San Sebastián: Ed. Donostiarra.

C) WEBGRAFÍA (escolma)

www.maestroteca.net

www.esadgalicia.es

<http://apoegal.blogia.com>

www.isftic.mepsyd.es/profesores

www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/index.htm

http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender_estudiar/index2.html

www.alimentacionyvida.org/adol-Portada.html

www.kekiero.es

<http://yaq.es/>

<http://internacional.universia.net>

www.ticne.es (soluciones TIC para ANEE)

<http://ciug.cesga.es/index.html>

www.orientaline.com

www.altacapacidades.org

www.brujulaeducativa.com

<http://todofp.es/>

www.dgt.es/educacionvial/DGT-Home_buscar_.html

www.juntadeandalucia.es/averroes/

<http://cvc.cervantes.es/ensenanza/default.htm>

www.educaguia.com

www.xuventude.net/querote-mais.html

www.padresycolegios.com

www.cienciafacil.com

www.educarex.es

www.ceapat.org/verIndex.do

www.aplicacioneseducativas.net

www.movimientocontralaintolerancia.com

www.soldados.com

www.pnsd.msc.es

www.educacionenvalores.org

<http://mariajosediaz-aguado.tk>

www.needirectorio.com

www.educaweb.com/esp/servicios/monografico/orientacionprofesional

www.wikioficios.org

www.guiajuvenil.com/

www.sgep.org

www.youtube.com/user/pantallasamigas

<http://internetamiga.net/>

www.orientared.com/

<http://orientacion.educaweb.com/es/presentacion>

20 de outubro de 2017

Xefa do Dpto de Orientación

Asdo: Ana Belén Sáñez Rodríguez

Anexo I

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 2017-2018

1. XUSTIFICACIÓN

A acción titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se levan a cabo nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta razón débese considerar que a acción titorial está intimamente relacionada co desenvolvemento da función docente.

A través desde PAT establécense os criterios e procedementos que regularán a organización e funcionamento da acción titorial deste IES.

2. MARCO LEGAL

Para deseñar este PAT tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica parcialmente a previa a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), e establece o novo marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación.
- Decreto 120/ 98 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da educación

secundaria obrigatoria e de bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES/CONTEXTUALIZACIÓN

Tendo en conta que xa se presentou ó centro a través do POE, e para non volver a repetir información xa sinalada, este diagnóstico de necesidades centrarase nas necesidades relativas á acción titorial entre as que cabería destacar as seguintes:

- Necesidade dunha maior coordinación entre o Departamento de Orientación e os/as titores/as dos diferentes grupos para levar a cabo o Plan de Acción Titorial.
- Necesidade de ofertar respostas educativas consensuadas para aqueles alumnos/as que presentan n.e.e.: establecemento de reforzo educativo dentro e fóra da aula, procedemento para a elaboración de adaptacións curriculares...
- Necesidade de favorecer-lo proceso de aprendizaxe dos alumnos/as a través de adquisición de hábitos de estudo, dominio das técnicas instrumentais básicas (lectura, escritura, cálculo e razoamento).
- Necesidade dunha relación fluída coas familias como requisito para favorecer-lo desenvolvemento persoal, social, académico e vocacional dos/as alumnos/as.
- Necesidade de informar sobre itinerarios educativos, estudos posteriores, etc. para contribuír a unha axeitada toma de decisións por parte dos/as alumnos/as en canto a elección de modalidades de Bacharelato, ciclos formativos, estudos universitarios, etc.
- Necesidade de informar ás familias sobre o sistema educativo, alternativas

educativas e laborais, etc. para que axuden ós seus fillos na toma de decisións vocacionais.

4. DESEÑO DO PAT

Tendo en conta as demandas dos/as titores/as e a necesidade de artellar un PAT consensuado, que responda ás necesidades reais de cada grupo e centrándose en aspectos prácticos, a Xefatura do Departamento de Orientación propón as directrices para a concreción dun PAT para o presente curso 2017-18.

A partir dos bloques de programación que a continuación se expoñen, e que responden aos obxectivos xerais de calquera acción titorial, nas reunións semanais fixadas para a coordinación das titorías, e partindo das propostas dos propios titores e do profesorado en xeral, irase confeccionando o PAT adaptándoo a cada un dos cursos e grupos.

4.1. OBXECTIVOS:

A. Obxectivos xerais:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
- Optimizar os procesos de ensino/aprendizaxe.
- Coordinar a acción educativa do Equipo Docente.
- Orientar ós pais/nais no seu labor educativo.

B. Obxectivos específicos:

- Desenvolver un nivel axeitado de autoconcepto e autoestima.
- Facilitar a integración na Etapa e no grupo-clase
- Desenvolver a madurez vocacional, asesorando na toma de decisións tanto a nivel de optatividade como de que facer ao finalizar a ESO/Bacharelato.
- Impulsar a participación dos alumnos/as nas actividades non lectivas e extraescolares.
- Promover no alumnado actitudes relacionadas coa solidariedade, tolerancia, respecto mutuo, a non discriminación, a cooperación, a

amizade... mediante a participación do alumnado nas diferentes actividades complementarias desenvolvidas no colexio.

- Previr e detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais e escolares, equipando convenientemente o alumnado coas estratexias técnicas e hábitos axeitados.
- Coordinar as respostas educativas axeitadas ás dificultades de aprendizaxe que se produzan no grupo clase ou nos suxeitos considerados individualmente.
- Coordinar os procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado, así como a súa promoción.
- Facilitar a reflexión dos alumnos/as sobre os seus propios procesos de aprendizaxe.
- Impulsar e desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e reflexiva "aprender a aprender" en estreita vinculación coas distintas áreas.
- Coordinar o proceso de avaliación dos diferentes profesores/as.
- Coordinar o axuste das programacións ás necesidades educativas do grupo-clase e dos alumnos/as individualmente considerados.
- Asesorar e coordinar a avaliación e a promoción intercurso.
- Asesorar os tutores e ao profesorado en xeral, na elaboración do informe individualizado de avaliación e demais documentos oficiais de avaliación.
- Fomentar a participación dos pais/nais nas actividades do centro
- Proporcionar as familias información sobre a marcha dos seus fillos/as.
- Asesoralos nos conflitos ou situacións problemática que poidan ter cos seus fillos.
- Solicitarlles a súa colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que sexan necesarias para os seus fillos/as.

4.2. BLOQUES DE CONTIDOS:

1º DA E.S.O.

➤ 1º TRIMESTRE

- Actividades de acollida ó alumnado: presentación do/a titor/a, coñecemento das aulas, horarios, materias, normas do centro, amosar as instalacións no caso do alumnado de 1º da E.S.O. e alumnos/as doutros cursos de nova incorporación ó centro.
- Recollida inicial de información de cada alumno/a: revisión do expediente do alumno/a, informacións recollidas nas xornadas de acollida a alumnos/as.
- Coñecemento do NOF por parte do alumno/a: explicación e realización de actividades sobre o mesmo.
- Elección de delegado/a: coñecemento das funcións do delegado, reflexión sobre as características dun bo delegado/a, proceso de elección (constitución da mesa electoral, electores, candidatos/as, acta de elección,..)
- Acollida a pais/nais: presentación de titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro; entrega de documentación informativa.
- Habilidades sociais básicas. Coñecemento e práctica de habilidades sociais básica para fomentar a interrelación do alumnado, coñecemento e convivencia.
- Planificación e organización do estudo: cuestionario de avaliación inicial e actividades que proporciona a Orientador.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos da avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,...

➤ 2º TRIMESTRE

- Reflexión sobre os resultados da 1º avaliación.
- Técnicas de estudo para mellorar resultados.
- Actividades para mellorar o autoconecemento e autoestima.
- Hábitos de vida saudables.

- Actividades de reflexión de pre-avaliación
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos da avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,...

➤ **3º TRIMESTRE**

- Coñecemento do sistema educativo (POAP)
- Actividades de HHSS.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Cubrir o “Consello Orientador”
- Sesión de avaliación: aspectos burocráticos por parte do/a titor/a, comunicación dos resultados aos pais/nais..etc

2º DA E.S.O.

➤ **1º TRIMESTRE**

- Actividades de acollida ós alumnos/as: presentación do/a titor/a, coñecemento das aulas, horarios, materias, normas do centro.
- Recollida de información de cada alumno/a: revisión do expediente do alumnos/as, información recollida nas xornadas de acollida a alumnos/as.
- Coñecemento do NOF por parte dos alumnos/as: explicación e realización de actividades sobre o mesmo.
- Elección de delegado/a: coñecemento das funcións do delegado/a, reflexión sobre as características dun bo delegado/a, proceso de elección (constitución da mesa electoral, electores, candidatos/as, acta de elección,...)
- Acollida a pais/nais: presentación dos titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro, entrega de documentación informativa,..
- Planificación e organización do estudo.
- “Convivencia e Relacións Sociais. Obradoiro a cargo do Programa Quérote +
- Uso seguro de internet, coa colaboración de Pantallas Amigas que levarán a cabo un Obradoiro coa temática “Violencia de xénero, o novo contexto dixital”.

- Actividades relacionadas coa igualdade de xénero e a violencia machista.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos da avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais ,..

➤ **2º TRIMESTRE**

- Reflexión sobre resultados da 1º avaliación.
- Programa de habilidades sociais.
- Hábitos de vida saudable
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor, comunicación dos resultados ós pais,..

➤ **3º TRIMESTRE**

- O proceso de toma de decisións: fases do proceso e actividades sinxelas de toma de decisións mediante a realización de casos prácticos (POAP).
- Orientación académica: 3º ESO opcionalidade e implicacións futuras.
- Continuación programa de HHSS.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Cubrir o “Consello Orientador”
- Sesións de avaliación: aspectos burocráticos de avaliación por parte dos/as titores/as, comunicación dos resultados ós pais/nais ,...

3º DA E.S.O.

➤ **1º TRIMESTRE**

- Actividades de acollida ós alumnos/as: presentación do/a titor/a, coñecemento das aulas, horarios, materias, normas do centro,...
- Recollida inicial de información de cada alumno/a: cuestionario persoal inicial, revisión de expediente do/a alumno/a,...
- Coñecemento do NOF por parte do/a alumno/a.

- Elección de delegado/a.
- Acollida a pais/nais: presentación dos titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro; entrega de documentación informativa.
- Repaso das técnicas de estudo e profundización nas técnicas nemotécnicas.
- “Convivencia e Relacións Sociais. Obradoiro a cargo do Programa Quérote +
- Educación Emocional (Proxecta Donas de Si)
- Programa de Educación Afectivo-Sexual (Proxecta Quérote +)
- Actividades de reflexión de pre-avaliación
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais ,..

➤ **2º TRIMESTRE**

- Reflexión sobre a 1º avaliación
- Educación Emocional (Proxecta Donas de Si)
- Programa de Educación Afectivo-Sexual (Proxecta Quérote +)
- Hábitos de vida saudable
- Actividades de reflexión de pre-avaliación
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais ,..

➤ **3º TRIMESTRE**

- Educación Emocional (Proxecta Donas de Si)
- Programa de Educación Afectivo-Sexual (Proxecta Quérote +)
- Explicación do sistema educativo. (POAP)
- O proceso de toma de decisións: fases dos proceso e actividades de toma de decisións mediante a realización de casos prácticos (POAP).
- Orientación académica e profesional: Implicacións das eleccións de 4º da ESO (LOMCE)
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Cubrir o “Consello Orientador”

- Sesións de avaliación: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais ,..

4º DA E.S.O.

➤ 1º TRIMESTRE

- Actividade de acollida ó alumnado: presentación do titor/a, coñecemento das aulas, horarios, materias, normas do centro,..
- Recollida de información de cada alumno/a: cuestionario persoal inicial, revisión do expediente do alumno/a,..
- Coñecemento do NOF por parte do alumnado.
- Elección de delegado/a.
- Acollida a pais/nais: presentación dos/as titores/as; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro, entrega de documentación informativa.
- Planificación e organización do estudo
- Uso seguro de internet, coa colaboración de Pantallas Amigas que levarán a cabo un Obradoiro coa temática “Violencia de xénero, o novo contexto dixital”.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do/a titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais ,..

➤ 2º TRIMESTRE

- Reflexión sobre os resultados da 1º avaliación
- Educación Emocional (Proxecta Donas de Si)
- Hábitos de vida saudable
- O proceso de toma de decisións (POAP).
- Realización de cuestionarios de interese profesionais (POAP).
- Actividades de reflexión de pre-avaliación:
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos da avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,..

➤ **3º TRIMESTRE**

- Información sobre as distintas posibilidades ó rematar a E.S.O.
- Educación Emocional (Proxecta Donas de Si)
- A demanda profesional: introdución de técnicas de búsqueda de emprego (como realizar un C.V., unha carta de presentación, como enfrontarse a unha entrevista de traballo, resposta a anuncios,...)
- Información sobre datos de interese para o alumnado para a toma de decisións finais ó rematar a etapa.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Cubrir o “Consello Orientador”
- Sesións de avaliación: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,...

OUTRAS ACTIVIDADES:

Na E.S.O. estas actividades se complementarán cos outras que están por determinar as datas dado que son en colaboración con outros organismos serán:

- Actividades de protocolo para toda a E.S.O.
- Participación no programa Donas de sí, (Plan Proxecta), (todo o curso).
- Participación no Programa Quérote, (Plan Proxecta), (todo o curso).
- Talleres sobre prevención de drogas, a cargo da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Monforte (2º trimestre).
- Actividades dirixidas ao alumnado da ESO, para promover o uso seguro e saudable das novas tecnoloxías.

BACHARELATO

- Actividades de acollida ós alumnos/as: presentación do/a titor/a, coñecemento das aulas, materias, normas do centro, horarios.
- Recollida de información inicial.

- Coñecemento do NOF por parte do alumno.
- Elección de delegado/a.
- Acollida a pais/nais: presentación dos titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro; entrega de documentación informativa.
- Información ó alumnado ó longo do curso escolar sobre temas de interese: convocatoria de becas, probas de acceso á universidade, o ingreso na universidade, os ciclos formativos de grao superior,...
- Orientación académica e profesional de carácter individual.
- Visita guiada a algunha universidade galega, elixirase aquela a que a maioría do alumnado teña pensado acudir ao remate do Bacharelato.
- Participación no Programa a Ponte entre o Ensino Medio e a USC.
- Información individualizada ás familias por parte do titor/a ou orientadora cando o demanden.
- Asesoramento individualizado ó alumnado que o necesite ou o solicite.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación por parte do titor/a, comunicación dos resultados ós pais/nais,...

ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA TODO O CENTRO:

- Conmemoración do “*Día contra a violencia de xénero*” a través de diversas actividades elaboradas durante a hora de titoría e polos diferentes departamentos didácticos, destinadas a promover a igualdade entre homes e mulleres. Concursos de lemas e microrelatos.
- Conmemoración “*Día Internacional sobre os Dereitos do Neno*”
- Conmemoración do “*Día Internacional dos Dereitos Humanos*”.
- Conmemoración do “*Día escolar da non Violencia e da Paz*” co visionado de extractos de diversas películas adaptadas a idade do alumnado e actividades posteriores a dito visionado. Algunha das películas que empregamos son: **La Ola**, **American History X**, **Titanes: hicieron historia**,...
- Conmemoración do “*Día da muller traballadora*” a través do visionado de diversos vídeos sobre o xurdimento deste día que irá acompañada de actividades previas e

posteriores o visionado dos mesmos.

AVALIACIÓN DA TITORÍA.

BLOQUES DE CONTIDOS	ACTIVIDADES	MATERIAIS	AXENTES	TEMPORALIZACIÓN
Avaliación da titoría	Análise das actividades realizadas, dos resultados obtidos, das dificultades atopadas, das propostas de mellora.	Cuestionario.	Titores/as	3º trimestre.

REUNIÓNS COS PAIS

BLOQUES DE CONTIDOS	ACTIVIDADES	MATERIAIS	AXENTES	TEMPORALIZACIÓN
Reunións cos pais/nais	<ul style="list-style-type: none"> - Informar sobre funcionamento do curso. - Informar sobre os resultados da avaliación, tanto individual como grupal. - Informar sobre itinerarios posibles e/ou saídas académicas e profesionais. - Informar sobre medidas de 	<ul style="list-style-type: none"> - Documentos remitidos polo profesorado sobre o rendemento do alumnado ou do grupo en xeral 	<ul style="list-style-type: none"> - Titores. - Profesorado en xeral. - Orientadora. 	Ó longo do curso.

atención á diversidade que se vaian a tomar, implicándoas.			
--	--	--	--

4.3.- ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A liña de traballo que levaremos a cabo réxese pola elaboración conxunta de materiais para a titoría, actualmente contamos con un amplo dossier de actividades para a E.S.O., que servirán como punto de partida.

Tomaremos como referentes os principios metodolóxicos sinalados na lexislación vixente, polo que para desenvolver tales bloques de contidos recurriremos ás seguintes técnicas metodolóxicas:

- Utilizar unha metodoloxía activa, participativa, interactiva e construtiva.
- Partir das ideas previas dos alumnos/as, favorecendo aprendizaxes funcionais, significativos e construtivos.
- Favorecer actitudes positivas cara o aprendizaxe e a utilización das técnicas de estudo, a igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos,...
- Desenvolver estratexias de Aprender a aprender, resolución pacífica de conflitos, hábitos saudables, ...
- Recurrir á técnica de Mediación sempre que sexa posible, xa que é preciso a participación voluntaria de todos os implicados.
- Utilización de técnicas de dinámica de grupos, aprendizaxe por modelado, aprendizaxe por descubrimento e auto instrucións.

4.4.- RECURSOS:

Estes xa se sinalan no mesmo apartado do POE, polo que decidimos non volver a reflexalos aquí. Ademais, compre deixar claro que os materiais máis relevantes para cada tarefa sinálanse tamén no cadro correspondente.

5. IMPLEMENTACIÓN:

Todas as actividades e bloques de contidos sinalados con anterioridade desenvolveranse de forma mixta, tal e como sinala Rodríguez Moreno, e dicir, a través das distintas áreas curriculares e da hora de tutoría, contando tamén con que algunhas delas levaranse a cabo a través de actividades complementarias e extraescolares.

A.- AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL.

- **Titor ou Titora.**

A súa principal función é a mediadora, sendo o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e coas familias.

As responsabilidades xirarán en torno a dous núcleos básicos:

- Cada alumno ou alumna do centro terá asignado un titor ou unha titora que será o seu vínculo co centro, tanto a nivel individual como do grupo ao que pertenza.
- As familias do alumnado ou os seus responsables terán no titor/a do alumno/a o primeiro interlocutor para todo o que faga referencia ao seu fillo ou filla.

Persoalmente, o titor ou titora será responsable de:

- Realizar unha sesión semanal de tutoría cos/as alumnos/as que ten ao seu cargo.
- Representar ou facer de voceiro do alumnado dun grupo, expresando diante do equipo de profesores demandas, inquietudes, conflitos... xurdidos no grupo.
- Xestionar a información dispoñible sobre o alumnado do seu grupo respecto do equipo de profesores, se o hai. Coidar e ter o día os rexistros de tutoría.
- Presidir as xuntas de avaliación.
- Facilitar a cooperación e a boa relación entre o profesorado e as familias ou responsables do alumnado.

- Informar sobre actividades docentes e rendemento académico á familia e alumnos.
- Participar no desenvolvemento do PAT.
- Seguir o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Coordinar as Adaptacións Curriculares dos seus titorandos.
- Facilitar a integración do alumnado.
- Orientar ao alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación.

Responsabilidades colectivas.

O Equipo educativo, colectivamente, responsabilizarase de:

- Realizar o diagnóstico, seguimento, avaliación e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción tutorial.
- Coordinar os contidos comúns e optativos, a metodoloxía e as estratexias de aula e a avaliación para o seu grupo de alumnos/as.
- Realizar un diagnóstico inicial a partir da observación en todos os ámbitos do proceso de aprendizaxe, priorizando o dominio dalgunhas capacidades e actitudes básicas: Comprensión oral e escrita, razoamento, motivación, estilo de aprendizaxe, participación...
- Organizar de forma coordinada a aprendizaxe de recursos instrumentais para o estudo.
- Desenvolver unha actividade coordinada destinada a dotar ao alumnado de estratexias que permitan o traspaso das aprendizaxes.
- Compartir aspectos relevantes, de tipo persoal, que non poden observarse na aula, xa que son datos obtidos a través de cuestionarios, entrevistas,...., realizadas co alumnado, coas súas familias ou servizos sociais.
- Utilizar o seguimento compartido do alumnado para, unha vez diagnosticados os éxitos, erros, déficits, atopar e compartir fórmulas para incidir sobre eles, sexa introducindo cambios na programación de aula sexa a través de estratexias de compensación.
- Establecer criterios sobre as necesidades educativas que deben ser

obxecto dunha atención compensatoria e definir as características que tería que ter esta actividade. Decidir o perfil do alumnado do seu grupo que se orienta cara a actividades compensatorias novas ou previstas no centro. Realizar o seguimento e a avaliación das actividades compensatorias.

- Participar no desenvolvemento do PAT.

Responsabilidades individuais.

Individualmente, cada membro do equipo educativo, terá a responsabilidade de:

- Contribuír a dinamización do grupo-clase desde a práctica docente cotiá.
- Incorporar á programación de aula aspectos que contribúan ao auto coñecemento e á autoestima do alumnado, a crear expectativas positivas, a exercer a autonomía e a toma de decisións e a orientación académica e profesionalmente ao alumnado.
- Coordinar os contidos da actividade docente xeral e efectuar as adaptacións que se consideren necesarias na programación de aula.
- Coordinar as metodoloxías usadas por cada profesor/a na aula, reflexionando sobre as características comúns e buscando e adaptando as que sexan máis favorecedoras. Axustar a programación segundo os principios de axuda educativa.
- Dar e solicitar, en equipo educativo, información relevante respecto ao marco e contexto de cada alumno/a, o que deberá contribuír ao coñecemento, seguimento e avaliación do proceso individual do alumnado.
- Tomar nota dos acordos aos que se chegue en equipo educativo e transmitírllo aos seus equipos de área.
- Participar no desenvolvemento do PAT.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

Designación de titores/as.

Neste curso os/as titores/as foron designados tendo en conta os seguintes criterios: Disponibilidade horaria.

Horarios.

- Cada titor/a dedicará dentro do seu horario unha hora lectiva semanal para a titoría do seu grupo de alumnos/as.
- Cada titor/a destinará unha hora complementaria semanal destinada á recepción de pais.
- Cada titor/a solicitará a axuda do Departamento de Orientación para a coordinación do PAT cando o considere necesario.

Modelo de organización e Funcionamento:

- a. Correspóndelle á Xefa de Estudos coordinar e dirixir a acción dos/as tutores/as coa colaboración do Departamento de Orientación.
- b. Xefatura de Estudos terá as reunións que considere necesario para o bo funcionamento da acción tutorial.
- c. Os/as tutores/as deberán programar, de acordo coas liñas xerais marcadas neste PAT, as actividades específicas tutoriais que desenvolverán ao longo do curso. Poderán solicitar a axuda do Departamento de Orientación.
- d. Os tutores poderán convocar as reunións que consideren necesarias cos equipos docentes do seu curso para o bo funcionamento da acción tutorial.
- e. O D.O. contribuirá o desenvolvemento do PAT, baixo a dirección da Xefatura de Estudos, asesorando os tutores nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo na medida das súas posibilidades cando os tutores o soliciten.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:

A avaliación do PAT farase atendendo ós seguintes criterios:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades realizadas.

- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de adecuación da temporalización/secuenciación.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos conseguidos e non previstos.

Ademais, contemplaranse os tres momentos esenciais de toda avaliación:

- *Avaliación inicial:*

Consiste en saber qué necesitan os destinatarios e logo facer unha priorización de necesidades, atendendo ó principio de realidade, que sirva como base para o deseño dos programas.

- *Avaliación formativa:*

Realízase durante o transcurso dunha actividade e permite modificar determinados aspectos dun programa durante a posta en práctica.

- *Avaliación final:*

É a que se realiza ó final dun proceso e ten como finalidade determinar os logros acadados e tomar decisións a máis longo prazo con respecto o programa. Os indicadores que podemos empregar para levar a cabo esta avaliación son numerosos, pero entre eles cabería destacar os seguintes:

- Se os obxectivos propostos recollen tódolos ámbitos da acción tutorial.
- Se os contidos permiten a consecución dos obxectivos propostos.
- Se a temporalización se axusta ao horario xeral do alumnado.
- Se se empregan gran cantidade de estratexias metodolóxicas en función do tipo de contidos e das características do alumnado.
- Se o profesorado coñece e utiliza os recursos do entorno.
- Grao de satisfacción dos distintos integrantes.
- Grao de coordinación entre os implicados.

Como recursos para face-la avaliación do PAT se utilizarán, sobre todo, a observación de cada actividade e as entrevistas cos titores/as e o alumnado en xeral, así como a finais de curso os cuestionarios para titores/as a alumnos/as sobre a valoración das titorías.

Anexo II: Plan de Orientación dos CENTROS ADSCRITOS.

Plan de Orientación do Departamento de Orientación do I.E.S. de Quiroga para os Centros adscritos (C.E.I.P. de Quiroga e C.E.I.P. de San Clodio).

1. INTRODUCCIÓN:

O Plan de Orientación que a continuación presentamos, pretendemos que reflecta a nivel xenérico as liñas prioritarias de actuación no campo da Orientación que se desenvolven para o actual curso académico 2017-2018 nos dous centros adscritos ao Departamento de Orientación do I.E.S. de Quiroga, aínda que poidan continuar aplicándose nun período de tempo máis longo.

No momento de deseñar o Plan intentamos contextualizalo, pretendendo deste xeito dar resposta ás necesidades de orientación que existen no contexto no que nos atopamos.

É preciso ser conscientes de que haberá que priorizar as necesidades, tentando paliar algunhas delas, todas sería imposible.

Pretendemos que o Plan de Orientación sexa un documento que á vez que nos serve de guía na nosa labor, dea a coñecer aos restantes membros da comunidade educativa, os ámbitos de actuación nos que imos traballar.

As actuacións que imos desenvolver no departamento de orientación non se limitarán a casos puntuais, senón que pretendemos establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade do noso alumnado. Debemos destacar tamén que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente ao alumnado senón que abranguerá aos diferentes membros da comunidade educativa (profesores, familia...), tanto na faceta de receptores coma de impulsores do proceso orientador.

Entendemos a orientación como unha labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o Departamento de Orientación un elemento dinamizador deste proceso. Non obstante, neste centros

non existe D.O. propio polo que o Orientador do I.E.S. de Quiroga, aos que están adscritos, terá que coordinarse cos responsables da orientación en cada un destes centros.

2.- MARCO LEGAL:

Para deseñar o Plan de Orientación tomamos como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica parcialmente a previa a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), e establece o actual marco no que se van desenvolver todas as accións educativas, incluída a orientación.
- Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 27/4/98).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia (DOG do 31/ 7/ 98).
- Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos cetros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia
- Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.

3. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES/ CONTEXTUALIZACIÓN:

3.1. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO:

O **CEIP de Quiroga** está situado na capital do concello do mesmo nome, ó sur-este da provincia de Lugo.

O medio é rural e o nivel socioeconómico das familias medio-baixo. Os habitantes viven dispersos en numerosos núcleos de poboación, polo que no colexio funcionan os servizos de transporte escolar e comedor. O núcleo da economía da zona constitúeno as empresas louseiras que dan emprego a un importante número de persoas, tanto nas canteiras de extracción como nas naves de transformación.

O **CEIP de San Clodio** está situado aproximadamente a 2 km do de Quiroga, na capital do concello de Ribas do Sil. As características da poboación son un medio rural e nivel socioeconómico das familias medio-baixo. Os habitantes viven dispersos en numerosos núcleos de poboación, polo que no colexio funcionan os servizos de transporte escolar e comedor. O núcleo da economía da zona constitúeno as empresas louseiras que dan emprego a un importante número de persoas, tanto nas canteiras de extracción como nas naves de transformación.

3.2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

O **CEIP de Quiroga** consta dun só edificio de dúas plantas, de patio de xogos cuberto e de pista polideportiva descuberta. Ten 6 unidades de primaria e 3 de educación infantil. O número de alumnos para este curso é de 151.

O centro conta con 6 aulas de Primaria, aula de Relixión, aula de Informática, aula de ed. Musical, aula de Inglés, 4 aulas de Ed. Infantil (unha delas para uso común de infantil), 1 biblioteca, aula de apoio e departamento de orientación. Hai ademais unha aula de audiovisuais, salón de usos múltiples. Tamén hai ximnasio,

cociña, comedor, despachos (secretaría dirección, xefatura de estudos), local para a ANPA, sala de profesores e conserxería.

En canto ao **profesorado**, o centro conta co seguinte nº de mestres/as: 16 profesores/as en total.

- 5 especialistas de Primaria.
- 1 especialista de Ed. Física.
- 1 especialista en L. Inglesa.
- 1 especialista en L. Francesa.
- 4 especialistas e Ed. Infantil.
- 1 especialista en Ed. Musical.
- 1 especialista en Relixión Católica compartida con outro centro.
- 1 especialista en Pedagogía Terapéutica.
- 1 especialista en Audición e Linguaxe compartido co C.E.I.P. De San Clodio

En relación ao **alumnado** a súa distribución é a seguinte:

- 4º Educación Infantil: 14 alumnos/as.
- 5º Educación Infantil: 17 alumnos/as.
- 6º Educación Infantil: 14 alumnos/as.
- 1º Educación Primaria: 12 alumnos/as.
- 2º Educación Primaria: 24 alumnos/as.
- 3º Educación Primaria: 15 alumnos/as.
- 4º Educación Primaria: 20 alumnos/as.
- 5º Educación Primaria: 21 alumnos/as.
- 6º Educación Primaria: 14 alumnos/as.

O **CEIP de San Clodio** ten 2 unidades de primaria, e 1 unidade de Ed. Infantil . O nº de alumnos actualmente é de 37, dos que 10 son de Educación Infantil e 27 de Educación Primaria.

O nº de mestres/as está distribuído do xeito seguinte:

- 1 especialista e L. Inglesa
- 1 especialista en Ed. Musical.
- 1 especialista en Ed. Física.
- 1 especialista en Ed. Infantil
- 1 mestra de Relixión (compartida co C.E.I.P de Quiroga)
- 1 especialista en Audición e Linguaxe compartida co C.E.I.P. de Quiroga.

En relación ao **alumnado** a súa distribución é a seguinte: 37 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito:

- Educación Infantil: 10 alumnos/as (1 alumno de 3 anos, 5 alumnos/as de 4 anos e 4 alumnos/as de 5 anos).
- Educación Primaria: 27 alumnos/as.
 - o 1º Primaria: 7 alumnos/as.
 - o 2º Primaria: 3 alumnos/as.
 - o 3º Primaria: 7 alumnos/as.
 - o 4º Primaria: 4 alumnos/as.
 - o 5º Primaria: 2 alumnos/as.
 - o 6º Primaria: 4 alumnos/as.

3.3. A ORIENTACIÓN NO C.E.I.P.:

❖ Reunións:

Ante a ausencia de Departamento de Orientación nos C.E.I.P. nomearase un mestre representante do centro no D.O. do I.E.S. e será con este mestre co que se reunirá o orientador do I.E.S. tódalas semanas, garantindo así a coordinación precisa entre tódolos centros que conforman dito D.O.

- A mestra de Pedagogía Terapéutica do C.E.I.P. de Quiroga será a responsable da orientación no CEIP.

- A directora do CEIP de San Clodio, será a responsables da orientación en dito centro.

Tamén se levarán a cabo reunións cos mestres/as que atenden alumnado con necesidades educativas especiais sempre que se considere oportuno, así como co resto do profesorado sempre que xurda a necesidade.

❖ **Horario:**

O horario da Xefa do Departamento de Orientación do IES de Quiroga será o seguinte:

- C.E.I.P. De QUIROGA: os martes de 10:00 a 13:30 e os xoves de 11:30 a 13:30h.
- C.E.I.P. De SAN CLODIO: luns de 10:00 a 11:00 horas cada 15 días.

Sinalar a flexibilidade do horario en función das necesidades e demandas do centro educativo.

❖ **Análise das necesidades educativas**

O Departamento de Orientación analiza e sinala como necesidades básicas da poboación educativa os seguintes aspectos:

- A organización do período de adaptación do alumnado de 3 anos e a atención e integración dos alumnos/as de novo ingreso.
- A atención a momentos difíciles da escolaridade.
- O reforzo de hábitos referidos á saúde, orde, limpeza, necesidades básicas, convivencia, participación, responsabilidade, autonomía...
- A elaboración e fomento de normas de convivencia e respecto mutuo.
- O reforzo de valores cívicos, éticos, morais, normas de cortesía, etc.
- O fomento de técnicas de lecto- escritura.
- O desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo.
- A orientación nos procesos de ensino- aprendizaxe.
- O fomento da atención, concentración, e motivación.

- O desenvolvemento da aprendizaxe autónoma e desenvolvemento persoal.
- A orientación personalizada ao alumnado con necesidades educativas especiais, facendo un diagnóstico, e elaborando pautas de intervención.
- O fomento da colaboración das familias na aprendizaxe e educación dos seus fillos e fillas.

4. OBXECTIVOS:

Antes de proceder a enumerar os obxectivos que se propoñen traballar desde o ámbito da Orientación durante o presente curso, parece interesante resaltar que a finalidade que se persegue é a de mellorar no posible a calidade dos servizos que presta ós centros. En función disto os obxectivos que se propoñen para o presente curso son froito da combinación de dúas variables:

- A análise detida das funcións de departamento de orientación
- A análise das necesidades observadas

Deste modo e tendo en conta as funcións do departamento de orientación establecidas na Orde 24 de Xullo de 1998 e na Circular 17/2006 , e a vista das necesidades detectadas para este contexto concreto, os obxectivos que se fixan son os seguintes:

Obxectivos xerais

- Favorecer unha relación positiva e cooperativa entre toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias e contorno social
- Favorecer o axeitado desenvolvemento da acción titorial
- Facer intervencións especializadas para atender ós alumnos/as con N.E.A.E a través da avaliación psicopedagóxica e prevención
- Contribuír a formación integral dos alumnos/as e axudalos a conseguir unha boa integración no centro educativo e no grupo de compañeiros/as

- Dinamizar os procesos educativos e formativos inherentes ó centro escolar.

Con relación á organización e funcionamento do Centro:

- Coordinar, xunto co profesorado de PT, AL e o titor/a, o horario para a atención ó alumnado con NEE e elevar a Xefa de Estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Favorecer a comunicación interna entre todos os compoñentes do centro tratando de dar a mellor información posible, e tendo sempre boa disposición para dar respostas positivas ós conflitos.
- Colaborar, na medida do posible, en tódalas actividades do centro que sexa necesario.
- Establecer canles de participación e comunicación con outros servizos e institucións (educadora familiar, atención temperá...).

Con relación ó profesorado:

- Informar detalladamente ós mestres das funcións do departamento de orientación.
- Potenciar a figura do profesor/a titor/a.
- Coordinar e asesorar o traballo das titorías.
- Cooperar na intervención e diagnóstico de problemas, ou de dificultades de desenrolo da aprendizaxe escolar; e na intervención para tratar de remedialos.
- Transmitirlles información acerca das avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos/as.
- Promover a elaboración das adaptacións curriculares necesarias e colaborar cos titores no seu deseño.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de hábitos de traballo intelectual, habilidades sociais, técnicas de estudo...

Con relación ás familias dos alumnos/as:

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas.
- Asesorar e orientar ás familias para que asuman responsablemente na educación e a orientación do alumnado.
- Proporcionar ás familias a información e o asesoramento que sexan necesarios de cara a que podan tomar decisións razoadas no que se refire ó presente e futuro dos seus fillos/as.

Con relación ós alumnos/as:

- Atender ós alumnos/as de nova incorporación desenvolvendo programas de acollida, adaptación e integración.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e desenrolar programas e medidas de atención á diversidade.
- Fomentar a adquisición de hábitos e a formación en valores.
- Facer un seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais coa finalidade de elaborar respostas educativas axeitadas.
- Orientar aos alumnos/as que finalizan a Educación Primaria sobre o seu futuro académico.
- Efectuar as avaliacións psicopedagóxicas e as revisións dos alumnos que sexan solicitadas polos titores e elaborar os correspondentes informes.
- Desenvolver accións e programas encamiñados á atención temperá e prevención de dificultades e problemas de desenvolvemento e aprendizaxe.

- Prestarlle ó alumnado apoio e asesoramento necesario para a resolución de conflitos así como para afrontar ós momentos escolares decisivos e de maior dificultade.

Con relación á organización e ó funcionamento do Departamento de Orientación:

- Conseguir que as reunións entre a Xefa do D.O. do I.E.S. De Quiroga e os responsables da orientación en cada C.E.I.P. sexan máis operativas, traballando sobre aspectos concretos e intentando que as necesidades dos diferentes cursos ou etapas educativas e os seus puntos de vista sirvan como base para o traballo do departamento.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Estar en contacto cos servizos e institucións da zona, para poder colaborar en todo os aspectos que sexa necesario.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓN PRIORITARIAS:

As liñas de actuación prioritarias son:

1. Actuacións en relación coa convivencia e a resolución pacífica dos conflitos no marco dunha escola plural.

- Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención a diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de reforzo e/ou apoio á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.

- Asesorar ao profesorado nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Actuacións que teñan que ver co Plan de Acción Titorial.

- Colaborar co profesorado titor/a sempre que se lle requira, no desenvolvemento das actividades do plan de Acción Titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e goberno do centro.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes sempre que se lle requira, no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3. Actuacións que teñan que ver coa atención a toda a diversidade presente no centro:

- Identificación temperá das necesidades.
- Revisión da medidas de reforzo e/ou apoio que está a recibir o alumnado de acordo coa prevención das dificultades.
- Establecer canles de comunicación cos orientadores/as dos centros de Primaria e Secundaria da mesma zona.

4. Actuacións relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso.

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e temporalización correspondente.

- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha axeitada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5. Actuacións relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

6. Actuacións relacionadas co DRDorienta.

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demanda na aplicación informática DRDorienta.

Polo tanto **as actuacións prioritarias no campo da orientación**, son as seguintes:

- Identificación temperá das necesidades específicas de apoio educativo para tomar medidas o antes posible.
- Revisión das medidas de apoio do alumnado con NEAE e introdución de posibles modificacións para aumentar a efectividade destas medidas e axustalas ás características do alumnado.
- Asesorar ós equipos docentes na elaboración das programacións para que se contemplen diferentes niveis de dificultade e se expliciten os contidos fundamentais para poder dar resposta a toda a diversidade presente no centro.
- Establecer canles de comunicación co profesorado do I.E.S., para facilitar o tránsito entre a etapa de educación Primaria á ESO.

- Desenvolver programas dentro do Plan de Acción Titorial de educación emocional, habilidades sociais, resolución pacífica de conflitos, etc. para proporcionar unha educación integral do alumnado.
- Asesoramento na revisión, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.
- Participación na elaboración de protocolos para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Establecemento de accións encamiñadas a reducir as desigualdades derivadas de condicionantes de xénero, etnia, orixe social, etc.
- Dinamizar canles de comunicación entre familia e escola.
- Participar na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, programas on-line, programas multimedia, experiencias de traballo, etc.

6. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:

Os programas a través dos que se desenvolve a orientación no centro:

- Plan de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe e de atención á diversidade.
- Plan de Orientación académica e profesional.
- Plan de acción titorial.

6.1. Plan de apoio o proceso de Ensino-Aprendizaxe e de atención á diversidade:

No plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe recóllense e desenvólvense as propostas relativas á atención á diversidade, xa que o D.O. colaborará co profesorado na atención á diversidade dos alumnos, elaborando propostas relativas ao conxunto de medidas de carácter xeral e específico que se

poidan levar a cabo no centro para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe da totalidade do alumnado.

Así mesmo, o D.O. determinará as intervencións específicas que lle competen neste ámbito, tanto no que se refire á súa tarefa de apoio ao profesorado coma ao seu traballo directo con alumnado.

Por todo iso, atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos/as que se escolarizan nos diferentes grupos, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio recollidas neste plan.

Este documento é unha síntese do Plan Xeral de Atención a Diversidade.

A. Obxectivos Xerais:

- Optimizar o proceso de Ensino-Aprendizaxe.
- Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
- Colaborar , cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na planificación e realización de actividades dirixidas á súa solución.
- Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe dos alumnos que presenten dificultades importantes.
- Promover e desenvolver estratexias de aprendizaxe entre o alumnado, é dicir "aprender a aprender" e proporcionarlle ao profesorado o asesoramento axeitado para desenvolvesas durante o proceso de ensino que levan a cabo.

- Evitar, na medida do posible fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos/as mediante as oportunas adaptacións curriculares.

B. Obxectivos específicos:

- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamento do alumnado.
- Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade e o traballo en grupo.
- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas a crear un clima de relacións harmoniosas na aula.
- Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.
- Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumno, dende o currículo ordinario a través de medidas ordinarias, reforzos, grupos específicos e recuperación.
- Seguir puntualmente a evolución académica e persoal do alumnado.
- Establecer contactos e vías de colaboración con diferentes entidades ou especialistas que poidan axudarnos ao desenvolvemento de programas ou actuacións concretas encamiñadas a unha mellor formación persoal e académica do alumnado.
- Colaborar cos titores na elaboración do informe individualizado.
- Avaliar, conxuntamente co profesorado, o desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ao longo do curso.

C. Medidas de apoio e ámbitos de actuación.

Realización da avaliación psicopedagóxica dos alumnos que a precisen: cada vez que teñamos que realizar unha avaliación psicopedagóxica será necesario coñecer os datos identificativos do alumno/a datos que o titor/a deberá facilitar os membros do Departamento de Orientación se o considera necesario. Igualmente poderá solicitarse ao profesorado a realización dunha serie de probas para determina-lo nivel de competencia curricular, probas que poderán ser estandarizadas ou elaboradas (nas que o orientador poderá colaborar na súa selección). O orientador a través da aplicación de probas psicopedagóxicas, entrevistas e observacións complementará a información facilitada polo equipo educativo. Toda a información recollerase posteriormente nun informe elaborado polo orientador que se transmite posteriormente ó titor/a, se a proposta é de aplicación de medidas ordinarias, e a través dunha reunión co profesorado implicado e a xefatura de estudos, se a proposta é de medidas extraordinarias decidindo, se esa medida se vai levar a cabo con ese alumno/a e reparto de responsabilidades se é afirmativa.

Coñecemento dos alumnos por parte do profesorado a través de información facilitada polo Departamento de Orientación: suministrando datos concernentes ós resultados dos diagnósticos, de informes de anos anteriores, darlles información para axudar a identificar a alumnos/as con NEAE.

Análise dos informes do alumnado procedente doutros centros con medidas de atención á diversidade ou propostos para elas. Esta análise levarase a cabo dende o Departamento de Orientación que posteriormente transmitirase a información que se considere necesaria ao titor/a que corresponda.

Colaboración co profesorado na realización de ACS, se é o caso.

Colaborar co profesorado na selección de programas, materiais de apoio, información a pais.

Seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.

Participar nas sesións de avaliación, de ser o caso, colaborando co profesorado na procura das respostas educativas axeitadas ás necesidades do alumnado, informando sobre alumnos/as con necesidades educativas especiais. Será responsabilidade do responsable da orientación en cada centro.

Colaborar dende o Departamento de Orientación na difusión de información que afecte ó profesorado/ alumnado, incluíndo a creación de materiais se é necesario.

Colaborar co profesorado na atención a alumnos/as a nivel individual no referente ó seu desenvolvemento persoal, social, familiar, escolar, etc en algúns casos en que sexa necesario algún tipo de intervención psicopedagóxica, asesorando ó mesmo tempo ó profesorado implicado cando sexa preciso.

Colaborar co titor na información, asesoramento ós pais, solicitando colaboración no apoio educativo dende o fogar.

Colaborar co profesorado na selección de materiais de reforzo cando estes o demanden.

Relación de alumnos e alumnas que reciben apoio por parte do P.T. no CEIP de Quiroga:

ALUMNADO	CURSO	TIPO DE NEAE
1 alumna	1º Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe
1 alumna	2º Ed. Primaria	Síndrome de Down. Desfase curricular.
1 alumno	3º Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe.
1 alumno	3º Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe (pendente de valoración).
1 alumno	3º Ed. Primaria	Dislexia e Trastorno de conduta.
3 alumnos/as	4º Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe. Dous deles pendente de valoración.
1 alumno	4º Ed. Primaria	TDAH
1 alumno	5º Ed. Primaria	Retraso Madurativo. Minusvalía do 36%.
1 alumno	5º Ed. Primaria	Desfase curricular.
1 alumna	6º Ed. Primaria	Dificultade de aprendizaxe.

Relación de alumnos e alumnas que reciben apoio por parte da A.L. no CEIP de Quiroga:

ALUMNADO	CURSO	TIPO DE NEAE
1 alumna	6º de Ed. Infantil	Dificultades na adquisición da linguaxe
1 alumna (Síndrome de Down)	2º Ed. Primaria	Dificultades articulatorias, fonatorias e xerais tanto na linguaxe oral e como na linguaxe escrita.
1 alumno	2º Ed. Primaria	Descoñecemento da lingua, precisa afianzar a adquisición do idioma.
2 alumnos/as	3º Ed. Primaria	Dificultades lectoescritoras.
1 alumno	3º Ed. Primaria	Dislexia e trastorno de conduta.
3 alumnos/as	4º Ed. Primaria	Dificultades lectoescritoras. Dous deles

		pendentes de valoración.
1 alumno	4º Ed. Primaria	TDAH
1 alumno	5º Ed. Primaria	Dificultades lectoescritoras, minusvalía 36%.
1 alumno	5º Ed. Primaria	Dificultades de aprendizaxe.

Relación de alumnado do CEIP de San Clodio con NEAE:

ALUMNADO	CURSO	TIPO DE NEAE
1 alumno	1º Ed. Primaria	Dislalia no fonema /r/.
1 alumna	1º Ed. Primaria	Alumna estranxeira. Dificultades na linguaxe oral, precisa afianzar o coñecemento do idioma.
1 alumno	5º Ed. Primaria	Dificultades lectoescritoras

É evidente que unha boa parte das actividades a desenvolver han de levarse a cabo a través da intervención directa da xefa do departamento, como é o caso da realización das avaliacións psicopedagóxicas. Nembargantes, naquelas actividades que se poidan levar a cabo por medio dos titores/as, a liña de traballo a seguir será a de impulsar a realización das actividades e, de ser preciso, proporcionar a axuda que se considere necesaria e/ou sexa demandada.

6.2.- Plan de acción titorial (P.A.T.)

O PAT é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías no centro.

Atendendo ás directrices establecidas pola CCP, o departamento de Orientación elaborará o PAT, en colaboración cos titores, deseñando as estratexias e criterios

xerais que deberán orientar o labor de todos os titores ao longo do curso e achegando a información e material que se requira.

A hora de abordar o desenvolvemento da acción titorial, compre sinalar que non pode sustentarse en actuacións individuais e iniciativas aisladas do titor. A responsabilidade de planificar accións co alumnado debe ser unha responsabilidade compartida.

A través do Departamento de Orientación preténdese coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de tutoría preparando, seleccionando e difundindo material, participando en algunha sesión de tutoría grupal cando o titor/a o demande sobre todo cando se traballe o tránsito de Primaria á E.S.O., colaborando na información ás familias, participando nas sesións de avaliación, colaborando na elaboración de ACS.

O P.A.T. será actualizado este curso, motivo polo que neste momento só se indican as liñas xerais de actuación.

Como obxectivos deste documento poderíamos destacar os seguintes:

- Favorecer unha autoimaxen positiva e equilibrada.
- Facilitar a adopción de valores grupais que favorezan a cohesión funcional do grupo-clase (diálogo, respecto, colaboración,...)
- Promover a comunicación entre familia e escola a través dos titores/as.
- Fomentar a participación dos pais na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ós/ás titores/as e ó profesorado no desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar as relacións sociais e a convivencia nos centros, implicando activamente ás familias.
- Facilitar a convivencia no centro como elemento fundamental para o desenvolvemento persoal e social.

- Promover a interculturalidade como estratexia esencial para previr actitudes discriminatorias cara ó alumnado doutras culturas e facilitar a integración do alumnado doutras culturas.

Cada actuación require empregar unhas técnicas de traballo axeitadas. O D.O. pode e debe servir de apoio na elaboración e desenvolvemento de ditas técnicas. Como exemplo de algunhas delas, podemos subliñar:

- ✓ Test sociométricos.
- ✓ Dinámicas de grupos.
- ✓ Avaliación de actitudes ante o estudo.
- ✓ Avaliación do rendemento académico.
- ✓ Técnicas de modificación de conduta.
- ✓ Técnicas de traballo intelectual.
- ✓ Avaliación de dificultades de aprendizaxe.
- ✓ A observación.
- ✓ A entrevista.

6.3.- Plan de orientación académico-profesional:

Ten como finalidade favorece-la toma de decisións de carácter académico por parte do alumnado. É importante que á hora de decidir, o alumno se informe por diferentes medios, reflexione e tome as decisións máis acordes coas súas capacidades, intereses e motivacións.

A. Obxectivos xerais:

- Coordinar a Orientación académica dos alumnos ao longo da súa permanencia no Centro, especialmente no tránsito á E.S.O.
- Proporcionar ao alumno/a estratexias, información e recursos necesarios que lle proporcionen un coñecemento máis obxectivo de si mesmo.

- Recoñecer as opcións educativas e profesionais que propón a sociedade na actualidade.
- Axudar ao alumnado a desenvolver estratexias para afrontar o proceso de toma de decisións.
- Implementar habilidades sociais e de comunicación.
- Fomentar a coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Estes obxectivos organízanse en torno a tres eixes principais:

- O autoconecemento: como son, como me vexo e como me ven os demais, que me gusta, que se me dá ben, que quero ser.
 - Aptitudes, habilidades, traxectoria escolar.
 - Valores, intereses, motivacións.
 - Personalidade, autoestima, actitudes.
 - Aspiracións, expectativas, proxectos, afeccións.
 - Situación familiar, socio-económica e cultural.
- Coñecemento do sistema educativo: a E.S.O.
 - Bolsas de axuda ao estudo.
- Toma de decisións: resolución de problemas.

B. Ámbitos de actuación.

- Elaboración e difusión de documentos para o alumnado sobre a E.S.O.
- Asesoramento individualizado a pais/nais, profesores e alumnos/as.
- Organización da sesión de acollida no I.E.S. e das charlas, a alumnado e familias, sobre a nova etapa educativa.

- Actividades que promovan un autoconcepto de autoestima positivo e equilibrado.
- Actuacións destinadas a favorecer HHSS.

7.- IMPLEMENTACIÓN:

7.1.- Criterios de actuación

A metodoloxía a empregar para levar a cabo estas actuacións tentará en todo momento favorecer un clima de colaboración, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado.

O Departamento de Orientación pretende ser unha entidade disposta a colaborar en todo momento con calquera membro da comunidade educativa, favorecendo ó mesmo tempo a actividade de aquel con quen colabora.

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía que implique tanto á toda a comunidade educativa coma os servizos do contorno, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para acadar isto empregaremos os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen:

Modelo de programas, usarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse aos acontecementos e incidir no problema o máis rápido posible. A acción está encamiñada á prevención e o desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

1. Análise do contexto
2. Detección de necesidades
3. Formulación de obxectivos
4. Planificación de actividades
5. Desenvolvemento do programa
6. Avaliación do programa.

O **Modelo de consulta** utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requiridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nos informes psicopedagóxicos e nas demandas do profesorado ou titores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo. A acción deste modelo articularase ao redor de tres elementos:

- O orientador asume o rol de consultor, que intervirá de forma indirecta co cliente a través do mediador.
- O mediador (titor, profesores, pais, etc) interveñen directamente co cliente, a partir de propostas do orientador.
- O destinatario último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

As actuacións correspondentes a este modelo serán:

- Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo profesorado.
- Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán a orientadora e o mediador.
- Proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador
- Desenvolvemento do programa polo mediador
- Avaliación do programa polo mediador e o orientador.

Así mesmo compre sinalar que unha grande parte das actuacións formuladas inseriranse no desenvolvemento das programacións das distintas áreas e outras a través do PAT. Os responsables do desenvolvemento serán todos os profesores, coordinados polo titor e estes polo xefe de estudos e o departamento de orientación.

Algunhas das nosas actuacións serán:

1. Diseñar o Plan de Orientación Educativa (P.O.E.) de acordo coas directrices establecidas pola CCP e as achegas dos diferentes titores.
2. Sensibilización á comunidade educativa da necesidade de desenvolver o POE e da súa coordinación entre todos os axentes que interveñen en cada curso.
3. Formación inicial e continua aos profesores e titores sobre as necesidades detectadas á hora de implantar o POE ou daquelas que van xurdindo no proceso de ensino-aprendizaxe.
4. Asesoramento aos titores nos aspectos de maior "responsabilidade" psicopedagóxica (autocoñecemento dos alumnos, adestramento para a toma de decisións, distribución de espazos, tempos e grupos dentro da aula, principios metodolóxicos en que se basear, deseño de actividades, principios da avaliación, desenvolvemento das competencias básicas, detección das necesidades, deseño das ACS...).
5. Apoio informativo aos titores sobre opcións académicas e laborais e sobre as diferentes medidas de atención á diversidade e a personalización da educación.
6. Proporcionarlle recursos para desenvolver as diferentes actividades.
7. Intervención directa en actividades concretas dirixidas aos alumno/as:
 - Actividades de carácter especializado por exemplo: aplicación dunha proba de aptitudes escolares ou de intereses persoais.
 - Actividades dirixidas ás familias, para facilitar a súa colaboración e implicación na educación e no proceso de toma de decisións dos seus fillos.
 - Avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos/as que o precisen.

- Axuda aos equipos educativos para a elaboración do informe final de etapa.

7.2.- Distribución de tarefas.

As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no **plan de orientación**, procurando responsabilizar a cada quen da súa labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

7.3.- Recursos empregados.

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada., procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

RECURSOS		
Persoais	Do contexto	Materiais
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado ▪ Titores ▪ Orientador ▪ Profesionais externos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Concello: traballadora social,... ▪ Profesionais dos centros educativos da zona. ▪ Consellaría ▪ Internet ▪ Familias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cuestionarios ▪ Folletos sobre Prevención de Drogas, Educación en Valores,... ▪ Fichas ▪ Tests e baterías de aptitudes escolares.

		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Bibliografía de diversos temas. ▪ Ordenadores e programas informáticos sobre educación en valores, transito a ESO, coñecemento do idioma galego,... ▪ Material Interactivo
--	--	--

7.4.- Temporalización.

A programación do tempo especificase para cada actividade en cada un dos apartados do Plan de Orientación e do PAT. Nembargantes atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que xurdan ao longo do curso, tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumnos, e moi especialmente as necesidades educativas especiais e a atención á diversidade.

8. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Trataremos de detectar e coñecer a efectividade das intervencións realizadas. Para iso, con datos subministrados polos responsables da orientación en cada centro, os titores e o profesorado en xeral, elaborárase unha memoria reflexiva que permitirá revisar os aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, actividades, recursos...) que son susceptibles de cambios ou melloras para o seguinte curso. Nesta avaliación teremos en conta a programación, a súa aplicación e o seu desenrolo.

O seguimento continuado do plan de orientación terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ó longo do curso entre o/a xefe/a do D.O. do IES e os responsables da orientación en cada centro.

Trimestralmente reunirase o Departamento completo e dedicará unha sesión a facer un seguimento do Plan, en orde a comprobar o grao de adecuación e realización das actividades programadas para introducir os cambios e reaxustes necesarios.

A finais de curso tamén se fará unha valoración por parte de tódolos sectores implicados. Profesorado, alumnado, e familias, facendo fincapé nos diferentes programas de intervención e nas estratexias adoptadas.

Os instrumentos que imos empregar serán: cuestionarios, entrevistas e reunións cos distintos axentes implicados.

A información obtida presentarase a modo de síntese, referida ós logros, ás dificultades adoptadas, á valoración dos factores que puideron incidir nos dous casos anteriores e os aspectos que sería preciso modificar, suprimir ou reforzar cara ó período seguinte.

Os criterios que teremos en conta serán:

- Adecuación dos diferentes programas ás características e necesidades dos destinatarios
- Adecuación das actividades realizadas
- Adecuación e suficiencia de recursos
- O grao de participación e implicación dos diferentes profesionais
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos
- Conclusións e propostas concretas de mellora.

Quiroga, a 20 outubro de 2017

Asdo. Ana Belén Sández Rodríguez

Anexo III. Programación didáctica da aula de Pedagogía Terapéutica

1. INTRODUCCIÓN

Ao longo do curso 2017-2018 a mestra de Pedagogía Terapéutica será Beatriz Veiga Jato que traballará en coordinación cos demais membros do centro implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Nun principio, tendo en conta a información de cursos anteriores e revisados os expedientes académicos do novo alumnado, asistirán á aula de Pedagogía Terapéutica 6 alumnos/as de 1º da ESO, catro alumnos/as que se incorporan este ano en 1º ESO e dous que están repetindo 1º ESO. Os 6 alumnos/as ten ACS. Hai un alumno neste curso que presenta dificultades de aprendizaxe xeneralizadas e ten recoñecida unha discapacidade.

En 2º ESO hai un alumno diagnosticado de TEA asociado a déficit de atención. Precisa ACS na maioría das materias do currículo, apoio fóra da aula coa profesora especialista en pedagogía terapéutica. Ademais neste curso educativo vai a ter profesorado de apoio dentro da aula (Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Artigo 8: Medidas ordinarias).

2. ALUMNADO DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Apelidos e nome	Curso		Data de aprobación da ACI e materias	Horas coa PT	
	Curso	Referencia curricular		Dentro aula	Fóra Aula
1 alumno con TEA	2º ESO	3º, 4º e 6º nivel de EP	Pendente de aprobación, (Matemáticas, LC, LG, LI, Xª e Hª). Pendente de elaboración e aprobación Física e Química.		7
1 Alumno con Discapacidade	1º ESO	2º e 5º nivel de EP.	Pendente de aprobación (Mat, LC, LG, LI e Xeografía e Historia).		6
1 Alumno con Desfase Curricular	1º ESO	2º,3º e 4º nivel EP	Pendente de aprobación (Mat, LC, LG, LI e Xeografía e Historia).		6
1 Alumno con Desfase Curricular	1º ESO	5º e 6º nivel EP.	Pendente de aprobación (Matemáticas, LC, LG e L,Inglesa).		6
1 Alumno con Desfase Curricular	1º ESO	5º e 6º nivel EP.	Pendente de aprobación (Matemáticas, LC, LG e L,Inglesa).		6
1 Alumna con Desfase Curricular	1º ESO	5º e 6º nivel EP.	Pendente de aprobación (Matemáticas, LC, LG e		6

			L,Inglesa).		
1 Alumna con Desfase Curricular	1º ESO	5º e 6º nivel EP	Pendente de aprobación (Matemáticas, LC, LG e L,Inglesa).		6

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS CLAVE

Tal e como se sinala no D105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria e no D86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria, o eixe de traballo será desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garantice a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo os seus potenciais.

E por iso que, polo tanto, traballaranse as seguintes competencias clave:

- Competencia lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencia sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

4. OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** será lograr proporcionar ós alumnos/as unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe de cada un a través de medidas organizativas centradas en facilitar ás mestras de cada materia unha intervención o máis individualizada e personalizada posible.

Como **obxectivos específicos** sinalar os seguintes:

- Desenvolver o hábito de lectura como fonte de información, formación e pracer.
- Comprender e producir textos en formato variado dos ámbitos persoal, social, cultural e profesional, con vocabulario apropiado para a finalidade pretendida.
- Desenvolver a observación e o espírito crítico.
- Desenvolver a competencia matemática e dixital que lle facilite desempeñar o seu papel na vida persoal e no mundo social e laboral.
- Desenvolver a capacidade para identificar problemas, contrastar información, avanzar hipóteses e aplicar técnicas adecuadas para a súa resolución.
- Desenvolver actitudes democráticas que permitan a participación nunha sociedade plural e diversa, tendo presentes os dereitos e os deberes compartidos, e o respecto polas diferenzas.
- Desenvolver a autoestima, o afán de superación e a capacidade de adaptación a novos retos, de acordo cos intereses e coas aptitudes persoais.
- Desenvolver hábitos e habilidades que faciliten o acceso ó contorno laboral e o adecuado progreso.
- Potenciar a autonomía persoal.

Sinalar que estes obxectivos adaptaranse na medida do posible ás súas capacidades pretendéndose en todo momento o benestar e satisfacción do alumnado así como potenciar o seu desenvolvemento persoal e social.

Ademais destes obxectivos, teranse en conta os obxectivos propios de cada unha das tres materias (Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas) correspondentes a cada curso, tal e como figuran nas programacións específicas de cada materia.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Traballarase tendo en conta os estándares de aprendizaxe fixados e concretados nas programacións didácticas de cada materia, así como os fixados para cada unha das ACs.

6. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

As **estrategias metodolóxicas** que se empregarán serán:

- Partir do nivel de desenvolvemento dos alumnos/as, respectando a súa zona de desenvolvemento próximo.
- Asegurar a construción do aprendizaxe con sentido, coherencia e significado para os alumnos/as.
- Contribuír ao desenvolvemento da capacidade de “aprender a aprender”.
- Promover a actividade dos alumnos/as.
- Levar a cabo o principio globalizador a partir da integración dos contidos dos diferentes ámbitos en torno ao campo de coñecemento e da experiencia vital, ambas necesarias para facilitar a comprensión da realidade.

- Establecer unha alternancia de estratexias didácticas expositivas e de estratexias didácticas de indagación, ó igual, que se partirá do aspecto vivencial e real para chegar posteriormente ó plano gráfico.
- Axustarnos, na medida do posible, á técnica de ensinanza incidental.
- Eloxiar os logros mediante reforzos positivos.
- Favorecer a coordinación entre o profesorado.
- Informar ás familias e requirir a súa colaboración.

7. ACTIVIDADES

As **actividades** serán moi variadas e adaptadas a cada alumno/a tendo en conta as necesidades educativas que presente en cada momento cada alumno/a. As actividades para os alumnos/as estarán programadas entre as mestras e mais eu. Iráselles entregando fichas de traballo a medida que vaian avanzando de maneira que o traballo será o máis individualizado posible e adaptado ao ritmo de traballo de cadaquén. En canto ás familias manterémolas informadas das actividades que se levan a cabo cos seus fillos/as así como do rendemento dos mesmos pretendendo así o seguimento e continuidade de ditas actividades a través de notas escritas, entrevistas e chamadas telefónicas.

8. RECURSOS

Empregaranse **recursos** variados e adaptados ás necesidades do alumnado.

Persoais: profesora titora, profesora de pedagogía terapéutica, orientadora, conserxe, familia, alumnos/as e demais profesores/as.

Materiais: CDS, ordenador, pinturas, rotuladores, pizarra, libretas, cadernos de traballo, folios, diversos libros e material didáctico de reforzo e de atención á diversidade.

Organizativos: a formulación da resposta educativa destes alumnos/as non é

competencia exclusiva da profesora titora nin da especialista que traballa cos alumnos/as senón que é no ámbito do centro (a través da **Concreción curricular** e dos **distintos plans**) onde a intervención educativa toma forma. En canto á organización da aula de PT é moi importante a habilitación do entorno ás necesidades dos alumnos/as polo que se distribuirá da maneira que mellor se adapte aos alumnos/as que asistan a mesma. Este curso as mesas van estar agrupadas no medio da aula de maneira que a PT vai estar sentada con eles nese espazo para así ter un mellor control do proceso de ensinanza-aprendizaxe e poder prestarlle ao alumnado unha atención o máis directa e individual posible.

Espaciais: están na súa aula de referencia a maior parte do tempo, promovendo a inclusión escolar.

9. TEMPORALIZACIÓN

No que respecta á **temporalización**, esta programación está pensada e articulada para o curso escolar 2017/2018 e levarase a cabo ao longo dos tres trimestres que forman o curso académico.

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Dicir que se fará unha **avaliación** de tipo criterial en función dos obxectivos acadados tendo en conta que se van valorar máis os procesos que os resultados. Levarase a cabo a través da observación directa e sistemática, da análise das tarefas que o alumnado realice, así como, a través da observación indirecta tendo en conta a aportación dos pais e do resto de mestres.

11. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Este curso académico non procede.

12. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A competencia lingüística comporta comprender informacións escritas, utilízalas e reflexionar sobre elas para cumprir unha gran variedade de fins e situacións que van desde o público ao privado, desde o contorno escolar ao laboral, desde o exercicio activo da cidadanía ata a aprendizaxe continua.

A capacidade de lectura permite ao individuo dar satisfacción a unha serie de aspiracións persoais, que abarcan desde a consecución de metas específicas, como a cualificación educativa ou o éxito profesional, ata obxectivos menos inmediatos destinados a enriquecer e mellorar a vida persoal. Proporcionando asemade ás persoas uns instrumentos lingüísticos que resultan cada vez máis necesarios para poder afrontar as esixencias das sociedades modernas, co seu extenso aparato burocrático, as súas institucións formais e os seus complexos sistemas legais.

Mentres tratan de comprender e utilizar aquilo que están a ler, os lectores reaccionan ante un texto determinado de moi distintas maneiras. Xa que ese proceso dinámico inclúe moitos factores como son a situación da lectura, a estrutura do propio texto e as características das preguntas que se suscitan sobre o texto.

Traballaremos tanto con textos continuos (narrativos, expositivos, descritivos e argumentativos) como descontinuos (cadros, gráficos, táboas, diagramas,...) para fomentar a correcta expresión oral e escrita e a lectura comprensiva mediante, entre outras, de actividades que impliquen:

- Busca, obtención e selección de información diferenciando os aspectos relevantes dos que non o son.
- Lectura, análise, interpretación e comentarios de textos científicos e matemáticos.

- Expresar verbalmente e por escrito o procedemento que se seguiu na resolución de problemas.
- Adquisición do hábito de argumentación do propio discurso permanecendo abertos aos criterios dos demais cunha actitude flexible e non dogmática.

Para rematar dicir, que neste curso continuaremos coa actividade denominada “Hora de ler” na que evidentemente tamén participaremos.

Por outro lado, continuarei traballando co pequeno banco de lecturas que teño na aula. A miña intención é que o alumnado poida levar para a casa o libro que lle guste e cubra unha folla de rexistro de lecturas. Con esta actividade trato de que o alumnado descubra o pracer da lectura e mellore a súa velocidade e comprensión lectora dado que o meu alumnado presenta grandes dificultades tanto para ler como para comprender, moitas das veces por non ter simplemente hábito lector.

13. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

O ordenador é unha ferramenta de traballo habitual que nos rodea na sociedade actual, polo que creo necesario estimular ao alumnado a utilizar esta nova tecnoloxía para seguir abrindo camiños á creatividade e investigación, incorporando ao proceso de ensino-aprendizaxe as posibilidades que nos ofrece o ordenador como un instrumento de axuda, de recurso, de creatividade, de xogo.

A acción primordial que tratarei de levar a cabo para contribuír co Plan TIC é:

- Tratar de conseguir adquirir, cando menos un ordenador con conexión a internet e impresora para a aula de apoio para así poder facer actividades que contribúan con este plan.

14. ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

As accións que se levarán a cabo para esta contribución serán:

- Fomentar o respecto tanto ao profesorado como aos compañeiros.
- Valorar positivamente o bo comportamento e boa educación.
- Establecer cauces de colaboración e diálogo coas familias.
- Fomentar os valores democráticos.
- Realizar actividades que fomenten a participación e integración de tódolos alumnos/as adquirindo condutas de respecto e tolerancia sen permitir a discriminación de ninguén.
- Fomentar o uso das normas sociais tales como:
 - Ser puntuais.
 - Saudar ao entrar na aula.
 - Pedir as cousas por favor.
 - Respectar a quenda de palabra.
 - Sentarse correctamente.
 - Dar as grazas cando proceda.
 - Manter un ton de voz axeitado.
 - Contestar con respecto.
 - Manter a aula e o material en perfecto estado.
 - Non comer na aula.
 - Non ter acceso ao móbil.
- Concienciar ao alumnado dos beneficios para todos que implica o respecto ás normas de convivencia.
- Fomentar o diálogo como medio de resolución de conflitos.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Fomentarei a participación do alumnado naquelas actividades que se desenvolvan no centro tales como exposicións, conmemoracións, relatorios, etc.

Así mesmo, acompañarei ao alumnado nas actividades extraescolares que se propoñan para 2º da ESO coa finalidade de que o alumno con Trastorno de Espectro Autista participe en todas elas.

16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Para avaliar a programación en cada trimestre realizarei a avaliación dos procesos de ensinanza – aprendizaxe onde abordarei:

- **Avaliación da adecuación dos obxectivos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado:**

Considerareinos axeitados cando se perciba tanto pola miña parte como pola profesora da materia unha mellora progresiva.

- **Avaliación das aprendizaxes acadadas polo alumnado:**

Considerareinas axeitadas cando perciba que o alumnado realmente está adquirindo aprendizaxes e destrezas das que carecía.

- **Os procedementos de avaliación do alumnado.**

Para que avaliar este aspecto terei en conta os resultados que vaia obtendo o alumnado.

- **Avaliación do desenvolvemento da programación didáctica**

Considerareina conforme cando teña impartido polo menos o 90 % dos contidos programados. As non conformidades na programación impartida serán tratadas dentro do departamento ao cal pertenzo e rexistradas nas actas do mesmo onde se analizarán as súas causas e as posibles solucións o que podería implicar un cambio na programación o cal sería oportunamente informado en Xefatura de Estudos.

Avaliarei tamén:

- A organización da aula para desenvolver a programación.

- A avaliación do aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións.
- A coordinación co profesorado e a implicación das familias.

Todos estes puntos serán tratados en cada trimestre e a partir deles farei as correccións oportunas á programación e obterei os datos para posibles modificacións que se reflectiran, de ser o caso, na memoria final.

20 outubro 2017

A especialista en P. T

Asdo.Beatriz Veiga Jato